CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/7
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 17 de xullo de 2025 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO Xabier Castro Tourís

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
M. SOLEDAD BOGA GRELA
ANGEL JAMARDO REY

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
SERGIO JOSE BOGA GÓMEZ

AUSENCIAS:
Xente de Dodro
LUCIA YESICA VECINO RODRÍGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:
1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS DO

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

EXERCICIO 2024
3. DACIÓN EN CONTA DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DOS DÍAS 12/09/2024, 28/11/2024, 06/02/2025, 20/03/2025, 16/04/2025 E 08/05/2025
5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL EXERCICIO 2024
6. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO 2025
7. CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO DE DODRO: REQUERIMENTO DOCUMENTACIÓN A LICITADOR MELLOR VALORADO

C) MOCIÓNS:

C.1.) MOCIÓNS ORDINARIAS:

8. MOCIÓN DO BNG SOBRE LGTBfobia
9. MOCIÓN DO PP EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO
10. MOCIÓN DE UNIDADE VECIÑAL DE DODRO DE PLAN DE LIMPEZA
11. MOCIÓN DO PSOE PARA A ESIXIR O CESAMENTO DE HOSTILIDADES NA FRANXA DE GAZA

C.2.) MOCIÓNS URXENTES:

D) CONTROL DE GOBERNO:

12. ROGOS E PREGUNTAS
13. OUTROS MEDIOS DE CONTROL AO LEGALMENTE ESTABLECIDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Boas tardes a todos, son as oito da tarde. Empezamos co pleno ordinario do mes de xullo co seguinte orde do día."*

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2025/G006/000253
ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións que van desde o número 182/2025 ao 315/2025, en

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.”

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da alcaldía indicadas.

2. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS DO EXERCICIO 2024

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

EXPTE: 2025/G006/000254
TRÁMITE: DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS.

DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS DO EXERCICIO 2024.

De conformidade co artigo 218 da Ley reguladora das Facendas locais, dáse conta do informe elaborado pola Secretaría-intervención núm. 110/2025 que literalmente di:

“EXPEDIENTE NÚM. 2025/T017/000001
ASUNTO: INFORME DE INTERVENCIÓN REFERIDO AO EXERCICIO 2024, CONFORME ESTABLECE O ARTIGO 218 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, DO 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

No artigo 218 do RDL 2/2004 de 5 de marzo establécese o seguinte:

"1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.
Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.
El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local."

En desenvolvemento do dito precepto publicouse no Boletín Oficial do Estado de 17 de xullo de 2015 a Resolución de 10 de xullo da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 30 de xuño, polo que se aproba a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados polos interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa.

Dita normativa prevé, que a vez que se remiten o Tribunal de Contas as respectivas contas, remitirase a información que se detalla na Orde a través da Plataforma de Rendición de Contas a Entidades Locais, que a súa vez, unicamente poderá enviarse de forma electrónica.

En consecuencia co anteriormente exposto, na seguinte táboa consta a relación dos reparos formulados pola Intervención Municipal en materia de gastos:

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Número de Expediente	Fecha del reparo	Fecha del acuerdo o resolución	Órgano que resuelve la discrepancia	Importe	Fase del gasto reparada
2024/C003/000001	02/12/2024	02/12/2024	Presidente	60.243,37	Reconocimiento de la Obligación (O)
Importe					
60.243,37					
2024/E001/000002	13/05/2024	13/05/2024	Presidente	31.000,00	Compromiso (D),
Importe					
31.000,00					
2024/E001/000003-1	28/05/2024	28/05/2024	Presidente	21.667,68	Compromiso (D),
Importe					
21.667,68					
2024/E001/000003-2	28/05/2024	28/05/2024	Presidente	19.444,50	Compromiso (D),
Importe					
19.444,50					
2024/G003/000109	27/02/2024	27/02/2024	Presidente	4.349,13	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
4.349,13					
2024/G003/000154	20/03/2024	20/03/2024	Presidente	78.868,74	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
78.868,74					
2024/G003/000548	03/10/2024	03/10/2024	Presidente	80.005,50	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
10.374,31					
69.631,19					
2024/G003/000711	27/12/2024	27/12/2024	Presidente	106.490,13	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
16.857,32					
89.632,81					
2024/G006/000126	10/04/2024	10/04/2024	Presidente	138.825,42	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
49.264,02					
89.561,40					

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Número de Expediente	Fecha del reparo	Fecha del acuerdo o resolución	Órgano que resuelve la discrepancia	Importe	Fase del gasto reparada
2024/G006/000272	26/06/2024	26/06/2024	Presidente	272.550,30	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
22.454,29					
250.096,01					
2024/G006/000365	09/08/2024	09/08/2024	Presidente	8.488,01	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
4.998,38					
3.489,63					
2024/G006/000420	09/09/2024	09/09/2024	Presidente	10.673,46	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
4.820,62					
5.852,84					
2024/G006/000505	23/10/2024	23/10/2024	Presidente	16.623,16	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
6.549,94					
10.073,22					
2024/G006/000579	11/12/2024	11/12/2024	Presidente	94.511,00	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
11.357,14					
83.153,86					
2024/G006/000593	06/11/2024	06/11/2024	Presidente	14.224,58	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
2.174,86					
12.049,72					
2024/X999/000092	10/09/2024	10/09/2024	Presidente	1.500,00	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
1.500,00					
204/G006/000339	19/07/2024	22/07/2024	Presidente	29.195,74	Reconocimiento de la Obligación (O),
Importe					
10.182,95					
19.012,79					

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Igualmente indícase que non se inclúe unha relación de principais anomalías detectadas, tanto no exercicio da función interventora como de control financeiro, en materia de ingresos, así como unha relación dos acordos adoptados sen o trámite preceptivo de fiscalización previa, pois non se emitiu ningún informe ó respecto.

Dodro, na data da sinatura dixital.

A secretaria-interventora A técnica

Sandra María García Chenlo María José Rodríguez Expósito”

Dáse conta de que a información foi remitida ao Tribunal de Contas en data 11/07/2025 con núm. de Rex. 2025-E-RC-1279.

Asinado electronicamente polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

3. DACIÓN EN CONTA DE ASUNTOS VARIOS

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Aquí hoxe, quería eu... bueno eu máis, en nome do concelleiro de Cultura, trasladarlles aos concelleiros todos, unha publicación que fixemos que supón un gran esforzo para o Concello de Dodro. Que é o que chamamos “Dodro Cultural” que bueno, que practicamente inclúe a todos os lugares do Concello, un esforzo importante, con todas as actuacións e todos os traballos que fixo o Concello en colaboración pois, coa Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Festival Atlántico, con medios propios ou do propio Concello, e bueno, trasladámoslle a todos os concelleiros, está publicado en redes e bueno, gustaríanos que, bueno que no posible, na medida do posible, que bueno, que foran participes tamén da programación... da programación cultural de este ano do concello de Dodro.”*

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DOS DÍAS 12/09/2024, 28/11/2024, 06/02/2025, 20/03/2025, 16/04/2025 E 08/05/2025

Acta do 12/09/2024.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Empezamos por orden, acta do día 12 do nove do ano 2024. Un turno a cada portavoz,. Portavoz do Partido*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Socialista."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Ola, bos días, boas tardes a todos. Bueno, nada que decir, pero bueno, tamén recalcar que son 6 actas, as que vimos aprobar, 300 folios de actas, e bueno... como comprenderedes, ímonos fiar dos traballadores do Concello, de que están ben feitas, porque... entre 300 actas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Despois."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"En 300 folios."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Despois."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"E 300 folios das resolución da alcaldía..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Despois, creo que imos a falar."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Son poucos días para velo, pero bueno. Non temos nada que decir con respecto a esta nin as outras."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Despois creo que imos a falar, tamén deste asunto. Bueno entonces pasamos a aprobación... Ah perdón! Portavoz do BNG"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Moi boas tardes, non hai nada que dicir"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pasamos á votación de... da aprobación se procede da acta do día 12/09."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 12 de setembro de 2024 e

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

Acta do 28/11/2024.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Acta, o mismo ca acta do 28 de novembro. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"O mismo que a anterior. Nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Tampouco."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois pasamos a votación."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 28 de novembro de 2024 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

Acta do 06/02/2025.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Acta do 6 de Febreiro do ano 2025. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Tampouco."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois moitas gracias. Vamos a pasar á votación."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 06 de febreiro de 2025 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

Acta do 20/03/2025.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O mismo ca do 20 de Marzo. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Tampouco, nada que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Tampouco."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que engadir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois vamos a pasar a votación."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 20 de marzo de 2025 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

Acta do 16/04/2025.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"20 de Marzo".*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"No."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No esa foi a que aprobamos ahora."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si a do 16 de abril."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A perdón. Toca a do 16 de Abril, esa non a tiña marcada, 16 de Abril, portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Tampouco."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que engadir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a votar a aprobación desta acta"*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 16 de abril de 2025 e en

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

Acta do 08/05/2025.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por último a acta do 5 de Maio. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Tampouco."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que engadir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos votar a favor ou non de esta acta."*

Sométese a aprobación a Acta da sesión plenaria do 08 de maio de 2025 e en votación ordinaria obtense o seguinte resultado:

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado da Acta: Aprobada

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL EXERCICIO 2024

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"EXPTE: 2025/T017/000001
ASUNTO: CONTA XERAL 2024
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Vista a Conta Xeral do exercicio 2024, xunto con toda a documentación anexa a esta, segundo a lexislación vixente, que estivo exposta ao público sen que se presentasen reclamacións, reparos ou observacións e que logo de ver o informe

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

favorable da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2024.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas (e Consello de Contas), tal e como se establece no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demáis normativa concordante.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno a acta e os informes correspondentes á acta, están a disposición de todos os concelleiros y...si lles parece vamos a pasar un turno a cada portavoz. Portavoz do partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Proponse a aprobación da conta xeral e remitir a conta xeral ao Tribunal de Contas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si. Sobre a Conta Xeral, queda todo moi claro na documentación do expediente, por taxas e ingresos, ingresou vostede 240.000 euros menos do que presupostou, en transferencias correntes ingresou vostede 150.000 euros menos e pola venta de activos 40.000 euros menos,. Só nestes conceptos, tivo vostede unha diferenza negativa de 430.000 euros que o concello de Dodro deixou de ingresar. Incumpleu vostede a regla do déficit, por primeira vez neste Concello e incumpleu vostede a regla do gasto.*

Acadou vostede un déficit de 45.000 euros e tivo que tirar de remanente para pagar facturas que non estaban no orzamento ou para as que non había orzamento suficiente. Nada mais e nada menos que 160.000 euros, deixando o remanente de 304.000 en 141.000 euros. De 304.000 euros que tiñamos de remanente, ahora temos 141.000.

Pero esto non é o peor. O peor é o que nos espera, porque ven vostede a aprobar

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

un RPT que superará o gasto en 160.000 euros como mínimo.
Non é capaz vostede de xerar ingresos, produce déficit e incrementa o gasto. Pero de vostede non se podía esperar outra cousa. O problema é que, hai outro problema mais é que estamos no mes de xullo, no mes de xullo cun orzamento do ano pasado ou de fai 2 anos. Incrementando o gasto, sin correxir os ingresos e sin aplicar aínda a RPT,.

Si falamos do ano pasado que tuvemos un déficit de 45.000 euros e acabamos de aprobar, ou acaban de aprobar vostedes, unha RPT que aumenta o gasto en mais de 160.000, cal é o déficit que nos espera no ano 2025 e no ano 2026? Pero bueno para eso xa apuntou algo o señor Castro, a través da prensa, cando dixo que habería que revisar os impostos, a cuestión é que impostos?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Recórdolle que estamos a falar dunha conta do ano 2024, da contabilidade. Vostede... parece mentira en vostede que non se de conta do que significa a Conta Xeral do ano 24. É a translación da contabilidade do ano 24 aos papeis."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, si, si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eso foi os ingresos, as facturas e os gastos vai se trasladar o Tribunal de Contas, esta intervención é completamente extemporánea. Doulle a vostede 1 minuto mais, porque ...."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Si, si, si. Entón."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón, gracias, doulle a vostede 1 minuto mais para que remate a sua intervención."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro*: "Xa o dixo vostede, na prensa, cando dixo que había que revisar os impostos. A cuestión é que impostos vai revisar si é que ingresamos arredor de 250.000-300.000 euros por taxas e IBI, e temos que cubrir 200.000 euros de déficit. Ese é o problema que vamos a ter. Este ano, no ano 2024, tuveron que tirar vostedes de 160.000 euros de remanente, bueno... Ahora veremos como queda o remanente no ano 2025, co mismo orzamento e incrementando os gastos sobre o ano pasado."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro*: "Un auténtico desastre que no."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Esto é sobre a conta do ano 2024? "*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro*: "É a, é a consecuencia da xestión, pero bueno."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Este ano, esto que esta contando vostede, non é da conta do ano 24, non?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro*:* *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Grazas. Queríamos facer constar que a convocatoria do pleno chegounos este luns cerca do medio día. Accedemos á sede electrónica e na convocatoria pon que nos notifican, que nos informan que no portal de cargos electos está a documentación e ese luns, ó recibir a documentación, entramos no portal de cargos electos e non estaba, de feito, non estivo o largo de todo o día. Eu presentei un escrito pola sede electrónica, ao cal non tiven resposta. Esperei hasta as seis da tarde, vin que as seis da tarde a documentación seguía sin estar subida e presentei un escrito, porque... bueno os concelleiros que estamos aquí, tamén temos vida e temos traballo e... bueno, que se remitira, polo menos a documentación por mail. Nin sequera tiveron o detalle de contestar ou facer unha chamada de teléfono. O martes a media mañá, apareceu a documentación.*

O que si lles prego, é que por favor, si non está subida a documentación en tempo e forma... bueno, pois, polo menos que a fagan chegar por mail. Porque esto non é moi normal e menos, aparte dos puntos que temos que tratar, cando nos mandan seis actas dende... algunha dende fai casi un ano, para revisar, en apenas dous días. Non é moi lóxico.

En canto a conta do 2024, nós ímonos a manter na liña que... que estamos seguindo estos anos. Son as contas do equipo de goberno, e bueno, nós desde logo non imos a votar a favor, e nos imos a abster, porque son as súas contas non son as nosas. Nada mais que dicir."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, moitas gracias. Bueno, se me permite, decirlle que ese mismo lunes estaban."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"No."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si si. Ás oito da tarde, nove da noite, estaban subidas. Si, si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"As oito da tarde?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Era un, foi un proceso en Tedec... nove, nove e media, bueno. Foi un proceso de Tedec, foi un problema técnico de Tedec, que se tardou en solucionar e estivo a Deputación traballando neso e ás nove e media da noite dese lunes. A min chegoume un mensaxe que estaban as oito, posiblemente me quedei con esa cousa, tardarían... non sei, en*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

cargarse as cousas, o que foran .”

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Pero bueno se teñen un escrito.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Non o sei.”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Poden contestar ou dar unha chamada, porque eu...”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Pois...”*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *“Porque eu o martes estaba de viaxe, e non podía acceder o portal, entón non...”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Pois a verdade é que si, esa parte non sei, bueno. Portavoz de unidade Veciñal.”*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *“Bueno nós como xa non... asistimos á Comisión de Contas, pois ímonos abster, porque xa non estivemos aí, nesa Comisión de Contas.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Portavoz do Bloque Nacionalista Galego.”*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“Si no mismo sentido, que na Comisión de Contas.”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Bueno, pois eu simplemente, contestarlle ao o portavoz de xente de Dodro. Que estamos discutindo a Conta Xeral do 2024.*

A utilización de remanentes, é discutible politicamente, pero tamén é bastante mais discutible a petición de créditos que nalgúns dos exercicios donde vostede foi alcalde, sobrepasaron os 120.000 euros, no exercicio e que estamos afrontando este equipo de goberno que temos agora. Ao mellor non teríamos que usar os 140.000 euros, que di vostede de remanente, se non tiveramos que facer frente ao crédito da Diputación, que como moi mal vostede dixo aquí un día, eses créditos, non se van a paga. Pero bueno, eu non me olvido. É posible, que vostede queira facer tonta o resto dos veciños, pero desde logo, non o son, e xa me encargarei eu de recordarllo. Quen di que, en cada cada pleno.
Vamos a proceder a votación.”

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 3
0 BNG

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 5
1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

6. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO 2025

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

EXPEDIENTE: 2022/E004/000001
ASUNTO: MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO.
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Pleno da Corporación municipal en sesión realizada o 16 de abril de 2025, acordou, entre outros, aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Dodro e expor ao público o mencionado documento, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales as persoas interesadas poderían examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

A modificación da Relación de Postos de Traballo consideraríase definitivamente

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

aprobada si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporía do prazo dun mes para resolvelas.

Con data 24 de abril de 2025 foi publicado anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 77 e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Durante o período de exposición pública foron presentadas as seguintes alegacións:

Data	Nº Rex. Entrada	Alegante/s
19/05/2025	202590000000346	María Yolanda Martínez Martínez en representación do sindicato CSIF
21/05/2025	202599900000402	Araceli Vázquez Vázquez
22/05/2025	202599900000404	Sonia María González Rodríguez, en representación do Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia

Por parte do equipo redactor do documento de Relación de Postos de Traballo, foi emitido informe relativo ás alegacións en data 16 de xuño de 2025 e que a continuación se expón:

INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO APROBADA INICIALMENTE POLO CONCELLO DE DODRO

Carlos Aymerich Cano
Universidade da Coruña

ANTECEDENTES

1. Mediante acordo plenario de 16 de abril de 2025, o Concello de Dodro aprobou inicialmente a Relación de Postos de Traballo. A proposta foi elaborada por Carlos Ignacio Aymerich Cano, profesor doutor da Universidade da Coruña (UDC), en virtude de contrato celebrado entre o Concello de Melide e a Fundación da Universidade da Coruña, medio propio e servizo técnico desta, ao abrigo do disposto na LOSU e na normativa da UDC.

2. Sometida a información pública a RPT aprobada inicialmente, de conformidade co procedemento regulado no artigo 202 LEPG, formuláronse tres escritos de alegacións. En aras da clareza expositiva, a seguir do resumo de cada unha das alegacións presentadas se inclúe a correspondente proposta de modificación do texto da RPT aprobado inicialmente para o caso de que a alegación sexa

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

estimada.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Alegacións formulada por Araceli Vázquez Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro coa categoría de educadora familiar.

As alegacións refírense, en síntese, aos elementos seguintes:

a) A alegante considera que as *"As funcións recollidas nesta RPT non recollen todas e cada unha das que se veñen prestando, a maiores das inherentes ao posto de educador/a familiar, e que se corresponden co posto de "Técnico de Servizos Sociais" ou "Educador/a Social"*.

En consecuencia, propón que se modifique a denominación do posto – pase a denominarse "Educador/a Social" ou "Técnico/a en Servizos Sociais" – e se inclúan na ficha correspondente novas funcións como as seguintes, indicando que se refiren ás familias beneficiarias do programa de educación familiar:

> *"a) Solicitude, tramitación, xestión e xustificación de expedientes de subvención do Departamento de Servizos Sociais.*
>
> *b) Coordinación dos programas de Conciliación, Corresponsabilidade, Igualdade e Prevención e Loita contra a Violencia de Xénero.*
>
> *c) Prestar apoio e colaboración con expedientes do Departamento de Servizos Sociais como axudas á escolaridade, axudas de emerxencia social, axudas de alimentos, etc.".*

b) Propón que se elimine como requisito do posto de traballo o de "formación especializada en igualdade ou violencia de xénero" ou, subsidiariamente, para o caso de que se manteña, especificar en que consiste e como vai ser aplicado.

c) Propón que se inclúa dentro do complemento específico os factores de "dispoñibilidade" e "perigosidade", para o caso de que non se acceda á modificación da denominación e das funcións do posto de acordo coa súa alegación anterior.

Proposta:

Proponse a **estimación parcial das alegacións**, modificando a denominación do posto de traballo (que pasaría de se denominar "Técnico/a en Educación Familiar" a "Técnico/s en Servizos Sociais"), modificando as súas funcións no sentido indicado pola traballadora alegante e eliminando o requisito de "formación especializada en igualdade ou violencia de xénero". Manteríase no

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

complemento específico o factor “versatilidade”, se ben incrementando a súa contía que pasaría a ser de 2.000 euros/ano (incremento que afectaría tamén aos postos de traballo de “Técnico/a en Orientación Laboral” e “Técnico/a de Emprego e Desenvolvemento Local”).

A desestimación da alegación referida á inclusión de novos factores no complemento específico asignado ao posto de traballo xustifícase en atención a que, segundo a memoria da Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente, estabelécese unha contía básica do complemento específico igual para todos os postos de traballo clasificados no mesmo grupo (no caso que nos ocupa, o LII) que poderá incrementarse, para algún deles, como consecuencia da adición daqueles outros factores que, previa a valoración dos postos de traballo, se considere que concorren con máis intensidade en cada un deles. No caso do posto de traballo de “Técnico/a en Educación Familiar”, en exercicio razoado da súa potestade de autorganización, o Concello de Dodro considera que o factor que con máis intensidade concorre é o de “versatilidade”, consideración que tamén se aplica a outros postos de traballo con clasificación e funcións similares como é o caso do de “Técnico/a en Orientación Laboral”.

2. Alegacións formuladas por Yolanda Martínez Martínez, en representación do sindicato Confederación Sindical Independente de Funcionarios (CSIF)

En parcial coincidencia coas alegacións formuladas por Araceli Vázquez Vázquez, en relación co posto de traballo denominado “Técnico/a en Educación Familiar”, formúlanse as solicitudes seguintes:

a) Modificación da denominación do posto de traballo, que pasaría a denominarse “Técnico/a en Servizos Sociais”.

b) Reclasificación do posto de traballo no Grupo I, subgrupo A2 (o que dá a entender que se solicita tamén que o posto sexa reservado a persoal funcionario).

c) Inclusión no complemento específico dos factores versatilidade, dispoñibilidade e perigosidade e, máis en xeral, revisión deste complemento para equiparalo ¨á media dos postos do departamento con funcións e responsabilidades semellantes”.

d) Retirada do requisito de formación especializada en igualdade e violencia de xénero.

Proposta:

Proponse a **estimación parcial** das alegacións, modificando a denominación do posto de traballo (que pasaría de se denominar “Técnico/a en Educación Familiar” a “Técnico/s en Servizos Sociais”), modificando as súas funcións no sentido

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

indicado pola traballadora alegante e eliminando o requisito de “formación especializada en igualdade ou violencia de xénero”. Manteríase no complemento específico o factor “versatilidade”, se ben incrementando a súa contía que pasaría a ser de 2.000 euros/ano (incremento que afectaría tamén aos postos de traballo de “Técnico/a en Orientación Laboral” e “Técnico/a de Emprego e Desenvolvemento Local”).

A desestimación da alegación referida á inclusión de novos factores no complemento específico asignado ao posto de traballo xustifícase en atención a que, segundo a memoria da Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente, estabelécese unha contía básica do complemento específico igual para todos os postos de traballo clasificados no mesmo grupo (no caso que nos ocupa, o LII) que poderá incrementarse, para algún deles, como consecuencia da adición daqueles outros factores que, previa a valoración dos postos de traballo, se considere que concorren con máis intensidade en cada un deles. No caso do posto de traballo de “Técnico/a en Educación Familiar”, en exercicio razoado da súa potestade de autorganización, o Concello de Dodro considera que o factor que con máis intensidade concorre é o de “versatilidade”, consideración que tamén se aplica a outros postos de traballo con clasificación e funcións similares como é o caso do de “Técnico/a en Orientación Laboral”.

3. Alegacións formuladas por Sonia González Rodríguez en representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

En parcial coincidencia coas alegacións anteriormente expostas, solicítase:

a) Que o posto pase a denominarse “Técnico/a en Educación Social”, mantendo a súa clasificación como LII.

b) Recoñecemento dos factores de “dispoñibilidade” e “perigosidade” no complemento específico correspondente ao referido posto de traballo.

Proposta:

Proponse a **estimación parcial das alegacións**, modificando a denominación do posto de traballo (que pasaría de se denominar “Técnico/a en Educación Familiar” a “Técnico/s en Servizos Sociais”), modificando as súas funcións no sentido indicado pola traballadora alegante e eliminando o requisito de “formación especializada en igualdade ou violencia de xénero”. Manteríase no complemento específico o factor “versatilidade”, se ben incrementando a súa contía que pasaría a ser de 2.000 euros/ano (incremento que afectaría tamén aos postos de traballo de “Técnico/a en Orientación Laboral” e “Técnico/a de Emprego e Desenvolvemento Local”).

A desestimación da alegación referida á inclusión de novos factores no complemento específico asignado ao posto de traballo xustifícase en atención a

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que, segundo a memoria da Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente, estabelécese unha contía básica do complemento específico igual para todos os postos de traballo clasificados no mesmo grupo (no caso que nos ocupa, o LII) que poderá incrementarse, para algún deles, como consecuencia da adición daqueles outros factores que, previa a valoración dos postos de traballo, se considere que concorren con máis intensidade en cada un deles. No caso do posto de traballo de "Técnico/a en Educación Familiar", en exercicio razoado da súa potestade de autorganización, o Concello de Dodro considera que o factor que con máis intensidade concorre é o de "versatilidade", consideración que tamén se aplica a outros postos de traballo con clasificación e funcións similares como é o caso do de "Técnico/a en Orientación Laboral".

AYMERICH CANO CARLOS IGNACIO - 36075856B

Assinado de forma digital por AYMERICH CANO CARLOS IGNACIO - 36075856B
Dados: 2025.06.13 09:23:31 -03'00'

ANEXO. Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente

1. Modificación na epígrafe 4.1 ("Organigrama") da denominación do posto de traballo co código 01.01.02, que pasaría a ser "Técnico/a en Servizos Sociais". Substituír no resto do documento as referencias ao posto "Técnico/a en Educación Familiar" por "Técnico/a en Servizos Sociais".

2. Na epígrafe 5.2.b ("Complemento Específico"), a contía do factor "Versatilidade" correspondente ao persoal laboral pasaría de 1.500 a 2.000 euros anuais.

3. O cadro que figura na epígrafe 6 ("Proposta de Relación de Postos de Traballo"), ficaría como segue:

Posto	**DENOMINACION POSTO**	**GRUPO**	**SOLDO + CD**	**CE RPT**
01.01.05	**Técnico/a en Orientación Laboral**	II	17.000+5.500	1.250+2.000 (V)=3.250
01.01.06	**Técnico/a de Empreg e o Desenvolvemento Local**	I	19.000+7.000	2.500+1.250(D) +2.000(V) = 5.750
02.01.02	**Técnico/a en Servizos**	II	17.000+5.500	1.250+2.000(V)=3

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

	Sociais			.250

4. Modificación das seguintes fichas no documento da Relación de Postos de Traballo **aprobada inicialmente:**

DENOMINACIÓN DO POSTO			TÉCNICO/A EN ORIENTACIÓN LABORAL
FUNCIÓNS PRINCIPAIS: 1. 1.Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil ocupacional das persoas demandantes de emprego 2. 3. 2.Deseño de itinerarios personalizados de emprego 4. 5. 3.Acompañamento personalizado no desenvolvemento do itinerario e o cumprimento do compromiso de actividade. 6. 7. 4.Deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral 8. 9. 5.Asesoramento e información ás persoas demandantes de emprego acompañamento máis especializado. 6.Apoio á xestión da mobilidade laboral. 7.Calquera outra que lle sexa ordenada pola xefatura de persoal, por necesidades do servizo debidamente motivadas, de conformidade co disposto no artigo 73.2 TREBEP.			
POSTOS HOMOXÉNEOS	1 (S)	**CÓDIGO**	01.01.05
REQUISITOS: Grao en Pedagoxía, Grao en Psicoloxía, Grao en Ciencias do Traballo, Grao en Traballo Social, Grao en Educación Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Relacións Laborais, Graduado/a Social ou diplomatura, licenciatura ou grao equivalente			**PRAZAS DE PLANTILLA QUE PODEN OCUPALO** LABORAL
GRUPO/SUBGRUPO			L II
FORMA DE PROVISIÓN			CONCURSO
SOLDO BÁSICO			17.000
COMPLEMENTO DE DESTINO			5.500
COMPLEMENTO ESPECÍFICO			1.250+2.000 (V) = 3.250

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

OBSERVACIÓNS	A.L.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

DENOMINACIÓN DO POSTO	TÉCNICO/A DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

FUNCIÓNS PRINCIPAIS:

1. 1.Observación estratéxica do territorio e identificación de actividades de interese susceptíbeis de acoller novos negocios.
2.
3. 2.Asesoramento e información sobre os trámites xurídicos e administrativos para a creación de empresas.
4.
5. 3.Información sobre os programas de axudas específicas para empresas e emprendedores
6.
7. 4.Acompañamento no estudo económico- financeiro de novas ideas empresariais
8.
9. 5.Planificación ,deseño e xestión de programas e proxectos dinamizadores do territorio e xeradores de emprego como, entre outros, proxectos de inserción socio-laboral, escolas-obradoiro, obradoiros de emprego.

6.Participación no deseño e xestión de proxectos e programas financiados con fondos europeos destinados o desenvolvemento económico territorial

7.Calquera outra que lle sexa ordenada pola xefatura de persoal, por necesidades do servizo debidamente motivadas, de conformidade co disposto no artigo 73.2 TREBEP

POSTOS HOMOXÉNEOS	1 (S)	**CÓDIGO**	05.06.01
REQUISITOS: Grao ou licenciatura en Dereito, Economía, Ciencias Económicas, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Ciencias Económicas e Empresariais, Enxeñaría Industrial ou equivalente.			**PRAZAS DE PLANTILLA QUE PODEN OCUPALO** LABORAL
GRUPO/SUBGRUPO			L I
FORMA DE PROVISIÓN			CONCURSO
SOLDO BÁSICO			19.000
COMPLEMENTO DE DESTINO			7.000
COMPLEMENTO ESPECÍFICO			2.500+2.000(V)+1.250(D)=5.750
OBSERVACIÓNS			A.L.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

DENOMINACIÓN DO POSTO	TÉCNICO/ A EN SERVIZOS SOCIAIS

FUNCIÓNS PRINCIPAIS:

1. 1.Deseñar e realizar a posta en marcha de programas e actuacións de intervención e integración socio-familiar, igualdade entre mulleres e homes, diversidade sexual e prevención da violencia de xénero.
2.
3. 2.Elaborar programas de orientación, asesoramento, inserción e prevención social
4.
5. 3.Realización das funcións seguintes en relación coas familias beneficiarias dos programas de educación familiar: (a) Solicitude, tramitación, xestión e xustificación de expedientes de subvención do Departamento de Servizos Sociais; (b) Coordinación dos programas de Conciliación, Corresponsabilidade, Igualdade e Prevención e Loita contra a Violencia de Xénero; (c) Prestar apoio e colaboración con expedientes do Departamento de Servizos Sociais como axudas á escolaridade, axudas de emerxencia social, axudas de alimentos, etc.
6.
7. 4.Información, orientación e asesoramento en materia de igualdade
8.
9. 5.Realizar seguimento de casos e intervencións domiciliarias
10.
11. 6.Realizar informes preceptivos dentro do seu ámbito competencial
12.
13. 7.Calquera outra que lle sexa ordenada pola xefatura de persoal, por necesidades do servizo debidamente motivadas, de conformidade co disposto no artigo 73.2 TREBEP.
14.

POSTOS HOMOXÉNEOS	1 (S)	**CÓDIGO**	05.02.03
REQUISITOS: Grao ou Diplomatura en Traballo Social, Educación Social ou equivalente			PRAZAS DE PLANTILLA QUE PODEN OCUPALO
			LABORAL
GRUPO/SUBGRUPO			L II
FORMA DE PROVISIÓN			CONCURSO
SOLDO BASE			17.000
COMPLEMENTO DE DESTINO			5.500
COMPLEMENTO ESPECÍFICO			1.250+2.000 (V) = 3.250
OBSERVACIÓNS			A.L.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Elaborado por parte do equipo redactor o documento para a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo, este tivo entrada no Rexistro do Concello o 08 de xullo de 2025 con núm. 2025299900000635.

Considerando que se seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno municipal a adopción dos seguintes
ACORDOS

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións seguintes, polos motivos recollidos no informe emitido polo equipo redactor arriba transcrito, que serve de motivación ao presente acordo, consonte ao artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro:

Data	Nº Rex. Entrada	Alegante/s
19/05/2025	202590000000346	María Yolanda Martínez Martínez en representación do sindicato CSIF
21/05/2025	202599900000402	Araceli Vázquez Vázquez
22/05/2025	202599900000404	Sonia María González Rodríguez, en representación do Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia

Segundo.- Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Dodro, co texto do documento elaborado polo equipo redactor para a aprobación definitiva con entrada no Rexistro do Concello o 08 de xullo de 2025 con núm. 2025299900000635.

Terceiro.- Publicar integramente a Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial da Provincia e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Unha vez aprobada inicialmente a RPT, a Relación de Postos de Traballo do ano dous mil... bueno, a que se propuxo, a que se trouxo aquí o pleno. Abriuse o plazo de alegacións, presentáronse tres alegacións para un solo... para un solo dos 26 postos de traballo e definicións de traballo, creada nesta RPT. A empresa encargada, a entidade encargada da elaboración, estimou parcialmente esas alegacións que iban as tres basicamente, no mismo sentido. Estimáronse parcialmente e é o que se trae aquí a este pleno. Entón ... un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista.”*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Agardemos que sexa a definitiva para, polo menos, deixar o vigor desa do 2019, que tan discriminatoria, feita polo hoxe líder de Xente de Dodro. Donde se premiaba determinada xente e se castigaba a moitas máis. E digo, se castigaba, porque seino de boa tinta que se castigaba e se rebaixaban os salarios... e todo eso. Bueno, creemos que en esta, esperemos contar co apoio suficiente para sacala dunha vez adiante, esta proposta no pleno. Loxicamente, o Grupo Municipal Socialista, vai votar a favor."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno. Resulta sorprendente que o señor tenente alcalde fale de que a outra RPT era discriminatoria, cando esta RPT, resulta que lle sube a unha soa persona máis de 10.000 euros, esa persoa vai ganar 60.000 euros. Como se fora un funcionario do Concello de Boiro, cando estamos falando dun concello de... como o de Dodro, non? Esa é, para vostedes eso non é discriminatorio, e a decir, poñen a un funcionario a nivel dun concello de 20.000 habitantes e ao resto, pois eso, que lle den, non? En definitiva... Por certo, sabe vostede quen é a secretaria de Boiro agora? Non o sabe. Bueno, despois llo digo o final.*
A contestación a estas alegacións, reflexan, nin mais nin menos, que o carácter partidista e partidario de esta RPT que só se fixo para contentar a unha persoa, concretamente para que esa persoa cobre 60.000 euros ao ano. Na contestación, falase de algo que non se solicita e a consecuencia, a mellorar a persoas que nin sequera alegaron. En definitiva, un despropósito que non fai máis que rematar o que empezou xa, como un auténtico despropósito."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Bueno, se presentaron tres alegacións, todas máis menos no mesmo sentido, referente o mesmo persoal. Bueno, polo que vemos no expediente, non atenden ao completo as alegacións presentadas. Nós consideramos que o técnico de educación familiar, polas características do seu posto de traballo e o traballo que desenvolve, debe de ter dispoñibilidade e perigosidade. Sobre todo porque acude practicamente, por non decir todos os días, pero moi a menudo; a domicilios, moitas veces con risco de exclusión social. Consideramos que si que debe de ter dereito a este factor e ademais polo pequeno importe que realmente supón recoñecerllo. Máis ben, parece que é un tira e afloxa, co que é un pulso ca traballadora porque realmente non supón cartos realmente para o Concello. Nos ímonos a abster en base a estes motivos porque consideramos que é xusto recoñecerllo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz da Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Si. Nós xa, tal como fixemos no pleno de aprobación provisional, imos votar a favor. Porque... bueno, vimos*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que se admitiron parcialmente as alegacións e basicamente estamos a favor desta RPT. Esta é moito mellor que a que tiñamos no 2019, moito mellor cá que, pretendeu o PSOE aprobar aquí, que votamos en contra daquela e propuxemos unha moción para que se fixera deste xeito. Entonces, por ese motivo, imos votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: "*Si. Será unha boa nova non? Que as persoas traballadoras do concello de Dodro, teñan un documento, unha relación de postos de traballo, necesaria, actualizado ao momento actual. Pero o BNG, entende que, quen máis se beneficia do traballo emprendido e presentado en pleno, quen máis se ten que beneficiar é a cidadanía de Dodro.*

Vese que teremos, esperamos que en breve, o que pedía o BNG xa no 2018. Unha praza de arquitecto municipal. Á vista está que non era falta, era necesidade. Bueno, tralas poucas alegacións que nunca na RPT do PP, tiñamos visto, observamos que trala insistencia do BNG, temos unha RPT municipal do Concello de Dodro, bastante ben dimensionada. Polo tanto, o BNG anuncia que si votará a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Bueno, pois sin máis asuntos que falar, vamos a pasar a votación."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

7. CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO DE DODRO: REQUERIMENTO DOCUMENTACIÓN A LICITADOR MELLOR VALORADO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPTE: 2021/C004/000001
ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO: REQUERIMENTO DOCUMENTACIÓN A LICITADOR MELLOR VALORADO

O Pleno da Corporación municipal en sesión realizada o 20 de marzo de 2025 acordou, entre outros aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios, tramitación ordinaria, do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Dodro, cun orzamento de licitación para a duración de un ano máis dúas posibles prórrogas de 1.991.776,20 € (1.915.169,43 € mais 76.606,77 €), dispòñendo a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada (art. 22.1.c. LCSP) e tramitación ordinaria.

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE 24/03/2025 o e publicouse na PLACSP o 26/03/2025.

A mesa de contratación permanente de asistencia ao Pleno reuniuse o 21/05/2025, o 28/05/2025, o 02/06/2025, o 03/07/2025 e o 09/07/2025 efectuando nesta última a seguinte proposta ao Pleno:

"PRIMEIRO.- Excluír do procedemento á entidade licitadora RIVAS SOCIOSANIDAD SLU, de acordo co informe da traballadora social de data 02/07/2025 no que se indica que "na páx. 24 do seu proxecto inclúe o anexo 6 con información económica de tarifas e prezos hora do servizo, polo que debe ser excluída do proceso; tal como se establece nos pregos de cláusulas administrativas, apartado 18: Documentación a presentar: "...A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas NON deben incluírse nos arquivos electrónicos que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliables mediante xuízos de valor. A infracción deste mandato dará lugar á exclusión da persoa licitadora sempre que iso implique o coñecemento da oferta".

SEGUNDO.- Admitir ás entidades OSVENTOS INNOVACIÓN E SERVIZOS S.L. e CIDI INTEGRALE SA.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

TERCEIRO.- Efectuar a seguinte avaliación das ofertas presentadas ca seguinte orde de prelación:

Orde	*ENTIDADE LICITADORA*	*PUNTUACIÓN CRITERIOS SUBXECTIVOS*	*PUNTUACIÓN CRITERIOS OBXECTIVOS*	*PUNTUACIÓN TOTAL*
1	*CIDI INTEGRALE, SA*	*28*	*60*	*88*
2	*OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, SL*	*23*	*59,91*	*82,91*

CUARTO.- Propoñer a adxudicación a favor da entidade CIDI INTEGRALE SA con CIF A28479624 en canto mellor valorada, así como o requerimento á mesma para que no prazo de DEZ (10) días hábiles presente a documentación prevista no PCAP."

O artigo 150.2 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público establece que:

"2. Una vez aceptada la propuesta de la mesa por el órgano de contratación, los servicios correspondientes requerirán al licitador que haia presentado la mejor oferta, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 145 para que, dentro del plazo de diez días hábiles, a contar desde el siguiente a aquel en que hubiera recibido el requerimiento, presente la documentación justificativa de las circunstancias a las que se refieren las letras a) a c) del apartado 1 del artículo 140 si no se hubiera aportado con anterioridad, tanto del licitador como de aquellas otras empresas a cuyas capacidades se recurra, sin perjuicio de lo establecido en el segundo párrafo del apartado 3 del citado artículo; de disponer efectivamente de los medios que se hubiese comprometido a dedicar o adscribir a la ejecución del contrato conforme al artículo 76.2; y de haber constituido la garantía definitiva que sea procedente. Los correspondientes certificados podrán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, salvo que se establezca otra cosa en los pliegos. De no cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que el licitador ha retirado su oferta, procediéndose a exigirle el importe del 3 por ciento del presupuesto base de licitación, IVA excluido, en concepto de penalidad, que se hará efectivo en primer lugar contra la garantía provisional, si se hubiera constituido, sin perjuicio de lo establecido en la letra a) del apartado 2 del artículo 71. En el supuesto señalado en el párrafo anterior, se procederá a recabar la misma documentación al licitador siguiente, por el orden en que haian quedado clasificadas las ofertas."

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional segunda da LCSP ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, o órgano de contratación do Concello de Dodro é o Pleno, posto que o valor estimado do contrato supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

Tendo en conta o que antecede, elevo ao Pleno da Corporación municipal a seguinte proposta de **ACORDO**:

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Primeiro.- Aceptar a proposta de adxudicación remitida pola mesa de contratación trala sesión realizada o 09/07/2025.

Segundo.- Requirir a CIDI INTEGRALE SA con CIF A28479624, en canto entidade licitadora que presentou a mellor oferta a fin de que no prazo de dez días hábiles, desde aquel no que reciba o requerimento presente a documentación prevista na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O procedemento ahora mismo, no que nos encontramos é a aceptación da proposta da mesa de contratación para requerir a documentación final e proceder a contratación. Presentáronse tres empresas, como vostedes teñen na documentación: CIDI, Rivas Sociosanitario e Os Ventos. Unha foi excluída no procedemento, por incluír documentación no sobre que non debía. As outras dúas, chegaron ao final, digamos, do proceso. Unha con máis puntos que outros. A mesa de contratación, trae a este pleno a resolución. Y bueno, eu, evidentemente, gustaríame que aprobásemos esto, para continuar co procedemento. Voulle dar un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno. Simplemente o que se propón no acordo que é aceptar a proposta da adxudicación da mesa de contratación e requirirlle á empresa que resultou ca mellor oferta que presente a documentación."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias, Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno. Nós non participamos neste procedemento co cal imos a salvar o noso voto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz... Perdón imos a dar?, non entendemos, non sei..."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Imos salvar o noso voto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ah, vale! Moi ben. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. No pleno do 20 de marzo, trouxeron a este pleno, a aprobación desta contratación e nós abstivémonos. Porque, tardaron vostedes seis meses... Perdón seis meses non, seis anos, en preparar este expediente de contratación. Tardaron vostedes seis anos en pagar facturas con reparo da secretaría. Estiveron vostedes seis anos, prestando un servizo de forma non legal. Iso si, botándolle a culpa ao Partido Popular, por non haberlle deixado o traballo feito. Esperamos que despois de estes seis anos, o expediente este ben feito e axustado*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a legalidade."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:n *"Portavoz de Unidade Veciñal de Dodro".*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Bueno. Pois, desde a Unidade Veciñal de Dodro, manifestamos, novamente, o noso posicionamento contrario ao modelo de xestión indirecta que se pretende consolidar, ca proposta de adxudicación do servizo de axuda no fogar, á entidade privada CIDI Integrale. Reiteramos que apostamos por un modelo de xestión directa do SAF, prestado por persoal municipal, como garantía dunha atención de calidade as persoas usuarias, dunha mellor planificación dos servizos, sobre todo dunha protección efectiva dos dereitos laborais das traballadoras que son a peza clave deste servizo esencial.*

O modelo actual, baséase en contratación a empresas privadas que moitas veces priorizan o beneficio económico sobre as condicións laborais do persoal e da calidade asistencial. Xa no pleno de marzo votamos en contra da aprobación do prego de cláusulas administrativas e reafirmamos esa postura diante da proposta de adxudicación, feita pola mesa de contratación, xa que en ningún momento se valorou seriamente a opción dunha remunicipalización progresiva dos servizo.

Consideramos que dado o volume económico do contrato 1.991.000 euros, para 1 ano máis 2 prórrogas posibles, o Concello tiña a obriga política e social, de explorar fórmulas alternativas de xestión pública, como trouxemos aquí nunha moción, en vez de perpetuar un esquema de externalización.

Tampouco compartimos a exclusión da entidade de Rivas Sociosanidade S.L.U, por cuestión formais, se ben cumpría coas condicións técnicas establecidas. O que evidencia deficiencia na previsión dos procedementos de presentación e, reafirma a nosa oposición aos procesos privatizadores complexos e cargados de tramitacións técnicas que dificultan a transparencia e dificultan o acceso en igualdade de condicións.

Tampouco houbo profesionalidade na primeira proposta, a de CIDI Integrale, non axustándose ao prego de condicións e tendo que emendar a sua proposta e que crea un mal precedente e comenza con mal pé.

Por todas estas razóns, non podemos votar a favor da adxudicación da proposta e pensamos que o Servicio de Axuda no Fogar, debe ser unha peza central dunha política de coidados públicas, próxima e humanizada, non suxeita a lóxicas mercantilistas nin a contratos cambiantes de empresas privadas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Grazas, Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Sorpréndeme o que din algúns portavoces do que o servizo tiña que ser municipalizado, cando se expuxo aquí, varias veces que sería o ideal, pero non é realmente o momento, porque é un servizo impropio, certo do concello de Dodro, e de todos os concellos, e será*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

unha maneira de municipalizar esto cando haxa outro tipo de orzamentos. Pero os orzamentos que temos agora mesmo son estes. Non creo que estea en condicións, o concello de Dodro, de verter todos os cartos a unha serie de persoal para atender a xente maior, porque hai máis necesidades que a atención á xente maior, como despois vamos ver co tema de limpeza, saneamento, recollida de lixo, etc.

Entón, eu creo que hai algunha xente que non acaba de entender que primeiro é un servizo impropio e que sería o ideal, por suposto que sería o ideal. Pero eu creo que eso sobraría, entendemos desde o BNG, que agora mesmo como din noutros concellos, falar de municipalización, tendo en conta as contas dos concellos como o noso é realmente demagoxia.

Para nós, é outra necesidade que tiñamos e que o PSOE, non lle deu a gana de facelo cando lle dixo o BNG, no anterior mandado e agora que podiamos ir pola segunda contratación, si que nos atopamos cunha contratación que lle sae un chisco mais cara, sen contar as facturas fora de contrato, á actual empresa que atende a poboación dependente.

Bueno só falta, como empezaba na intervención que a Xunta se comprometa con máis de 12 euros/hora, eso sería o ideal, entón aí empezariamos a ver un camiño distinto para a atención a xente maior, que é o que supoño, todo este pleno do concello de Dodro espera. Nós vamos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Pois bueno, contestar dúas cousas:*

É unha pena que levando seis anos, con este proceso, despois de que o Partido Popular non fixera unha prórroga un ano que podía facela antes de deixar o goberno, podían haber sido cinco anos; vostede non vote a favor, non deixa de ser curioso, porque se vostede leva seis anos e é unha demanda que, todos ata, según vostede, son pagos de facturas en unha condición de alegalidade, non de ilegalidade, de alegalidade, en todo caso, pois é unha pena que non vote a favor, co cal, sigo sin entendelo.

Segundo, dicirlle o portavoz de Unidade Veciñal, que son 600.000 euros ano, non son 1.900.000, é un contrato de un ano prorrogable, entonces sería, en todo caso, 600.000 euros o ano, vale? E outra cousa moi... como, xa expuxo o portavoz do BNG, este servizo é un servizo que debería prestar a Comunidade Autónoma, de feito teno así na lei de dependencia, entonces, mentras que o prestamos os concellos, polo que sea, pois non parece excesivamente razoable que nos fagamos cargo con personal propio que se, chegado o caso, as Comunidades Autónomas asumen a sua función, podía xerar un un problema importante para o Concello de Dodro. Este pliego, se vostede o mira detenidamente, vostede di que a mesa de contratación, pois que non actuou, pois non sei, non sei como chegou a calificalo non, pero eu, quero decirlle que a actuación dos funcionarios presentes na mesa de contratación..."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *"Non dixen nada deso."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Dicía que... bueno, se sentaba un*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

precedente, solicitándolle a CIDI unha documentación, para eso está a mesa de contratación, para eso. Non é que non cumplise. Se vostede lera as... lera ben as cousas, non é que non cumplise, é que non estaba...."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal : *" Lin ben, eh!"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non estaba o suficientemente claro, non estaba o suficientemente claro. Unha das... unha da documentación. Por eso se lle pideu. E non a CIDI, a outra máis, a outra máis."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que reclamara."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Xa senta mal precedente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hai documentos... Bueno, en todo caso, non sabemos todavía si esa empresa ..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non dixen nada máis."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Será a concesionaria definitiva. Bueno, vamos a proceder á votación, porque esto ten pouca discusión, pouca discusión."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra:2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Maioría simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

Sendo as 20:32 h abandonan o pleno os concelleiros da agrupación política Xente de Dodro.

C) MOCIÓNS:

C.1.) MOCIÓNS ORDINARIAS:

8. MOCIÓN DO BNG SOBRE LGTBfobia

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente e le o voceiro do Bloque Nacionalista Galego:

“Xoán Bautista Mariño Abuín, concelleiro portavoz do BNG na Corporación de Dodro, presenta a seguinte

Moción para avanzar na defensa da igualdade e contra a LGTBFOBIA
Exposición de motivos

O pasado día 28 de xuño conmemorouse internacionalmente o día do Orgullo LGBT en lembranza das revolta de Stonewall acontecida en New York no ano 1969. Máis de medio século despois, foron dándose múltiples conquistas de dereitos básicos para as persoas LGBT grazas a unha loita colectiva infatigábel. Porén, a pesar dos avances, segue a haber moito camiño por percorrer para acabar coa discriminación e a violencia que padecen as persoas LGBT ao redor do mundo, como tamén na propia Galiza. A LGBTfobia existe aínda no noso país e conta con boa saúde en certos sectores, polo que se fai preciso continuar desenvolvendo ferramentas eficaces para o seu combate. Neste senso, cómpre lembrar o asasinato de Samuel Luíz na Coruña hai só 4 anos no contexto dunha agresión homófoba.

Os delitos de odio de carácter LGBTfóbico son os segundos máis denunciados segundo o Ministerio do Interior, só superados polos de carácter racista e xenófobo.

Segundo esta mesma fonte, no estado español foron 522 os delitos destas características durante o ano 2023, incrementándose a respecto do ano anterior. Mais é preciso sinalar que a respecto das agresións LGBTfóbicas, existe unha importante taxa de infradenuncia, pois máis dun 80% das agresións sufridas - algúns estudos sinalan cifras superiores ao 90% - non chegan a denunciarse nunca, polo que as cifras coas que actualmente contamos non deixan de ser a punta dun alarmante iceberg.

O informe Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Galiza, elaborado no 2023 polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais no seo do Consello da Cultura Galega advirte sobre a situación das persoas LGBT actualmente. Neste senso, resultan preocupantes os datos obtidos en varias áreas, sendo graves os do ámbito da educación, salientando que o 88% das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso País sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Non é o único estudo que alerta sobre esta situación sobre os centros de ensino galegos, pois no pasado ano, un estudo desenvolvido por Agareso volveu a poñer o foco sobre esta temática, recoñecendo que, se ben a diversidade LGBT é unha realidade cada vez máis visible nas aulas, aínda son moitas as persoas que non poden expresarse libremente sobre a súa orientación sexual ou identidade de xénero por medo ás ameazas, ao trato diferencial ou ao acoso, unha vez que os centros educativos non son espazos seguros. En base ás enquisas realizadas, os datos amosaron que o 81% do alumnado LGBT sufriu algunha agresión e o 69% do profesorado presenciou algunha vez agresións contra poboación LGBT. O marco lexislativo existente na Galiza é claramente exiguo, ademais de que aínda non está completamente desenvolvido a pesar de superarmos xa a década desde a aprobación da Lei 2/2014 Pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGBT. As decisións adoptadas por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza provocan que, por exemplo, aínda non exista ningunha lexislación específica que recolla os dereitos das persoas trans ou que non se teñan desenvolvido medidas concretas en materia educativa para fomentar a diversidade e combater a LGBTfobia.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Dodro presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes **ACORDOS**

1. O Pleno Municipal reafirma o seu compromiso cos dereitos de todas as persoas independentemente da súa orientación e/ou identidade de xénero e condena os discursos de odio espallados por movementos reaccionarios, polo que todas as forzas representadas no mesmo asumen o acordo de traballar activamente para evitar a discriminación non asumindo posicións LGBTfóbicas nin establecendo acordos e alianzas con forzas políticas e colectivos que os apoien.

2. Instar ao goberno municipal a:
A Continuar promovendo actos e políticas municipais que garantan a igualdade e a visibilidade do colectivo LGBT.

3. Instar aos gobernos da Xunta de Galiza e do estado a ampliar os dereitos recoñecidos na lexislación actual e desenvolver e aplicar políticas activas contra o odio e a discriminación, con medidas efectivas e claras para a protección dos colectivos que poidan ser albo destas violencias e con iniciativas para combater non só a LGBTfobia e a transfobia, senón tamén o machismo, racismo, xenofobia ou calquera outra forma de violencia."

A moción é lida polo concelleiro do BNG.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos darlle unha volta... Unha ronda a todos os portavoces. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Vemos ben que o pleno que se reafirme nese compromiso e continuar promovendo os actos públicos que garantan a igualdade. E instar aos Goberno da Xunta e ao Estado a ampliar os dereitos que ten ese colectivo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas grazas. Portavoz do Partido Popular".*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Señor alcalde, solicitamos que a votación de esta moción se realice por puntos, se o BNG que é o que a presentou, non ten inconveniente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por puntos do acordo?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"No. Vai ser toda en conxunto."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Íntegra, vale. O Orzamento da Xunta de Galicia, destina a promoción de Igualdade este ano, 28,07 millóns de euros, un 17% máis que o ano pasado, non debemos esquecer que somos a Comunidade referente, por ter unha lei propia que consolida o principio de igualdade para as persoas LGBTI dende o ano 2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Ademais, colabórase coas identidades máis representativas, a través do Observatorio Galego LGBTI Quérote+, creado no ano 2018, para traballar en conxunto institucións e asociación.*

Entre outras accións, puxéronse en marcha, grupos de traballo para facer fincapé en como acadar, acabar coa LGTBIfobia, en eidos como a educación, o deporte... e entre colectivos vunerables, como os migrantes. Están en marcha formacións na EGAP e tamén formacións para o persoal para o persoal do CIM, de feito, o último pleno do Observatorio, aprobou o protocolo para a atención de estas persoas nos Centros de información a Muller, no CIM, unha ferramenta práctica para atender de xeito eficaz a estas persoas. Cóntase con servizo 028, Arco da Vella, de información, asesoramento e atención psicosocial inmediata, especializada frente a violencia LGTBIfobia. Aprobouse o protocolo contra as agresións sexuais fóbicas no lecer nocturno. E neste ano, farase o maior investimento para apoiar ao movemento asociativo LGTBI e accións de sensibilización, triplicando o investimento do 2024.

A discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero, sigue existindo, e iso sófreno persoas, e polo tanto debe preocuparnos e ocuparnos a todos Por iso, dende o goberno do Partido Popular, na Xunta de Galicia, entre as diferentes políticas e accións que se desenvolven, unha das máis prioritarias, é o impulso da visibilización, é dIcir, falar do valor da diversidade sexual e de xénero para ter cada vez

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

máis espacio nas nosas políticas e que estea dentro das nosas accións de sensibilización do goberno galego, porque é fundamental que as persoas trans e as persoas LGTBI en xeral, ocupen un espacio visible na sociedade.

É imprescindible investigar e analizar para coñecer a situación de todas as realidades que se viven en Galicia, tamén das persoas trans, por iso no ano 2022, en colaboración co Consello da Cultura Galega, impulsouse o foro de identidades e disidencias sexuais, financiado pola Xunta de Galicia, do que saíu un informe que foi presentado no ano 2023.

Do mesmo xeito, desde a creación do Observatorio Galego Contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, estase a desenvolver unha diagnoses das distintas realidades. Mediante os grupos de traballo do temáticos, neste sentido, cónstase xa con informes nos que se recolle a situación das persoas trans migrantes, das persoas trans no proceso de trans, de transición médica e tamén da situación das persoas trans no deporte e na educación e no eido laboral, está o informe do Consello Galego de actuación, laborais sobre este colectivo no seu conxunto.

Se ven é certo, que as medidas que desenvolve a Xunta de Galicia, son xerais para o conxunto das persoas LGTBI, hai que poñer o foco no caso das persoas que están en situación de maior vulnerabilidade, como son as persoas trans.

O goberno da Xunta de Galicia está a facer un esforzo para ampliar e mellorar a atención a estas personas no CIM. Para iso creou un protocolo de atención específico, que foi realizado desde a experiencia e as necesidades das propias traballadoras do CIM. E tamén hai en marcha cursos de capacitación, que xa superaron mais de 80 traballadoras. Ademais, estase a rematar a primeira fase do Plan Integral de Actuación para a Renovación e o Impulso dos CIM, cunha altísima participación por parte dos profesionais e dos concellos.

A formación é clave para entender todas as realizades e saber atender e acompañar. Por iso, para mellorar a atención por parte das institucións públicas, estanse a desenvolver cursos de sensibilización e formacións dirixidos ao persoal da administración autonómica, a través da EGAP, con moi boa acollida. Ademais realizase un curso específico sobre a Ley 4/2023 do 28 de Febreiro, pola igualdade real e efectiva das persoas trans e para garantía dos dereitos das persoas LGTBI.

No eido da sanidade, o Servizo Galego de Saúde, conta cunha formación sobre diversidade e neste sentido o protocolo de atención sanitaria na atención primaria das persoas trans.

Os centros Quérote+, interveñen en áreas como a sexualidade e a atención específica a estas persoas e a promoción da diversidade sexual. De feito, desde os Centros Quérote+, préstase unha atención específica as persoas trans e as súas familias que atopan en todas estas profesionais especializadas, un servizo de axuda e acompañamento profesional. Do mesmo xeito, tamén ofrece asesoramento persoal docente, aos equipos de orientación dos centro educativos, na aplicación do protocolo educativo para garantir a igualdade e non discriminación e liberdade de identidade de

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

xénero. Este asesoramento, entendese tamén a outros profesionais que traballan no eido xuvenil e que acoden alí como recurso especializado, no acompañamento e atención en persoas trans, persoal sanitario, persoal dos espazos XOVE, profesionais de psicoloxía, do traballo social e da educación social, etcétera. Tanto para derivacións como para consello profesional."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal de Dodro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Dende a Unidade Veciñal de Dodro, apoiamos a iniciativa presentada polo BNG, tanto polo seu contido, como polo compromiso que reflicte co igualdade, con respecto a xustiza social. É fundamental lembrar, reivindicar datas, como o pasado 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGBT, non só como un acto de celebración das conquistas sociais e legais acadadas o longo das últimas décadas, senón tamén, como unha chamada de atención sobre os importantes desafíos que aínda están por superar, tanto a nivel global como a no noso propio país.*

Coincidimos plenamente en que a realidade segue a ser preocupante, especialmente no ámbito educativo e na visibilidade das persoas LGBT, no espazo público e institucional. Compre reforzar políticas activas e efectivas contra a discriminación e apoiar sin fisuras, a quen por razón da sua orientación ou identidade, segue a sufrir acoso, exclusión ou violencia. Polo tanto, manifestamos o noso voto favorable á moción e comprometémonos a traballar con responsabilidade para o Concello, para que o concello de Dodro, continúe sendo un espazo seguro, inclusivo e diverso; no que todas as persoas sin excepción poidan vivir con dignidade, liberdade e igualdade de dereitos. Instamos tamén a Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado, a intensificaren os seus esforzos no mesmo sentido. Só a través do compromiso institucional claro e decidido, poderemos combater con eficacia a LGBTfobia e avanzar cara unha sociedade xusta e verdadeiramente diversa."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno, pois un último turno ao Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Brevemente, porque sxa bastante longa é a exposición de motivos. Agradecer o apoio a todas as persoas que votan e que concordan con isto, simplemente á portavoz do Partido Popular, decirlle que o BNG e o colectivo LGBT é consciente dos programas que se desenvolven, pero tamén acaba de dicir que a Xunta, digamos que actúa dunha maneira xeral.*

Si traemos aquí esta moción é porque hai un informe do Consello da Cultura Galega e tamén outra de Agareso, entón todas estas medidas son boas, pero son insuficientes. Por iso do que se trata é de, como dicía na súa intervención a portavoz do PP, poñer máis o foco e que teñan que ser realmente atendidas. Dubidamos moito que sexa en atención primaria, porque en atención primaria, traballo lle costa atender ao traballo cotiá e dubidamos moito, quédannos moitísimas dúbidas de que en atención primaria, se poidan atender, porque realmente, si non se poden atender, este colectivo vai ser seguramente

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

un dos mais prexudicados. Polo tanto, reitero as grazas e creo que é bo camiño, que nos desde aquí de Dodro que poidamos aportar o noso grande de area, porque tócanos a todos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, bueno. Pois vamos a pasar a votar o texto da moción, entonces."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

9. MOCIÓN DO PP EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente e le a voceira do Partido Popular:

"O Grupo Municipal Popular, a través do seu concelleiro e portavoz, segundo o previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), para elevar ao Pleno a seguinte

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO E EN REPULSA DA CORRUPCIÓN QUE AFECTA A CONTORNA PERSOAL E POLÍTICA DE PEDRO SÁNCHEZ, PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA

que trae a súa causa na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivimos unha das etapas máis escuras en termos de deterioro institucional e de casos de corrupción. As investigacións xudiciais acurralan, por primeira vez en Democracia, á contorna persoal e política máis próximo do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez.

A súa muller; o seu irmán; os dous últimos responsables da Secretaría de Organización do PSOE, e polo tanto, os número dous do seu partido; e a persoa que nomeou como Fiscal Xeral do Estado, están inmersos en diferentes dilixencias xudiciais relacionadas con presuntos delitos de corrupción.

Ademais do dano reputacional gravísimo que repercute na máis alta institución executiva do Estado, afóndase nunha situación de crise de confianza nas institucións e na neutralidade institucional sen precedentes na nosa Democracia.

Con todo, lonxe de colaborar coa Xustiza e co esclarecemento dos feitos obxecto de investigación, desde moi diversos ámbitos do Goberno de España, os seus membros e autoridades profiren descualificacións constantes á actividade dos xuíces e tribunais, nun comportamento impropio dun Estado de dereito, democrático e avanzado.

A isto hai que engadir a actitude indulxente de formacións políticas como o BNG, socios de investidura de Pedro Sánchez que, en palabras da súa voceira, Ana Pontón, acusan á Xustiza de incorrer en lawfare na súa loita contra a corrupción en alusión aos casos que están afectando ao PSOE.

Neste contexto, a Presidenta do Consello Xeral do Poder Xudicial, fixo recentemente un chamamento a autoridades e particulares para recuperar o respecto que merecen os tribunais de xustiza e quen os serve, e reclamou o cesamento de calquera presión ou interferencia no labor xudicial.

Máis aló do contexto nacional xeneralizado de vergoña e despropósito, a situación está provocando unha perda de lexitimidade institucional gravísima, a degradación do marco democrático e a ruptura da confianza cidadá no Executivo e nos representantes que o sustentan, feitos que só poden superarse coa inmediata convocatoria de eleccións xerais.

Con todo, as recentes declaracións de Pedro Sánchez, ademais dun tufo ditatorial, ofrecen unha mensaxe desoladora: admite que non adianta as eleccións porque o pobo non está con el. Dun xeito implícito recoñece que ten secuestrada a vontade cidadá co único obxectivo de impedir a alternativa de goberno. Nunca antes un presidente afirmou algo parecido, consciente de que se trata dunha actitude de extrema gravidade nun país

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

democrático como o noso.

Esta Corporación, facéndose eco da vontade e opinión da inmensa maioría da cidadanía que representa, non pode permanecer en silencio ante esta situación que esixe un pronunciamento firme en contra da corrupción, das acusacións e presións realizadas fronte á Xustiza e os xornalistas e en apoio da súa independencia.

É polo que, o Grupo Municipal Popular eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

"O Pleno da Corporación municipal acorda

1º- Amosar o seu rexeitamento expreso á corrupción instalada no seno do PSOE, no Goberno de España e na contorna persoal e política máis próximo ao presidente Pedro Sánchez.

2º- Condenar as acusacións realizadas polos membros do Goberno de España e os seus socios atacando á Xustiza e xornalistas que están destapando as tramas de corrupción que rodean a Pedro Sánchez.

3º- Esixir ao Goberno de España a inmediata depuración de responsabilidades políticas derivadas dos casos de corrupción coñecidos nas últimas datas e solicitar dos seus socios nas distintas institucións a revisión dos acordos de goberno ou apoio político.

4º- Requirir ao Goberno de España que, de xeito urxente, adopte as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xudiciais, parlamentarias e administrativas que investigan posibles irregularidades na súa xestión.

5º- Solicitar ao presidente do Goberno de España a disolución das Cortes e a inmediata convocatoria das eleccións xerais para permitir que os españois, a través do seu voto, abran un novo tempo político."

Procede a voceira do Partido Popular á lectura da moción.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos dar unha volta. Pero bueno, hai unha emenda a esta moción. Antes de discutir o texto da moción, preséntase a emenda."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Primero se presenta la enmienda, creo, ¿no?."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si. Po eso digo. Antes de discutir o texto da moción, preséntase a emenda."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Os motivos, despois?"*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, os motivos despois. Primero a emenda."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Primeiro a emenda. A Emenda soamente na parte dispositiva."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Efectivamente."*

Procedese a continuación co texto da emenda que se transcribe literalmente e le o voceiro do PSdG-PSOE.

EMENDA

PROPOSTA EMENDA SOBRE CORRUPCIÓN AO FÍO DA MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR

O Pleno do Concello de Dodro manifesta:

1. O seu firme compromiso coa defensa do Estado de Dereito, da independencia xudicial e da loita contra a corrupción, sexa cal sexa o partido político ou persoa implicada.

2. O seu apoio á actuación rigorosa e transparente das institucións públicas e das forzas e corpos de seguridade do Estado na loita contra calquera forma de corrupción.

3. A súa condena rotunda á utilización partidista da xustiza como ferramenta de persecución política, como quedou demostrado co arquivo da chamada Operación Pulpo, 12 anos despois, unha trama orquestrada desde o PP para destruír politicamente ao actual secretario xeral do PSdeG.

4. A súa esixencia de que se depuren responsabilidades políticas no Partido Popular, comezando pola dimisión de Elena Candia, vicepresidenta do Parlamento galego, quen activou esta operación mediante a entrega de anónimos falsos a instancias de Feijóo e Rueda, e que foi premiada con cargos institucionais polo PP en lugar de asumir as súas responsabilidades.

5. A necesidade de blindar a política local fronte á utilización partidista e difamatoria das institucións, preservando o bo nome dos concellos e centrando a acción municipal nas políticas que melloran a vida da veciñanza, afastando os plenos do barro da confrontación estatal e do uso político da mentira.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno. Pois ahora, o procedemento di que vamos a ver si, si..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Debátese a emenda, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Debátese a emenda."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A emenda primeiro, no?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si. Despois, se a caso, falase... A moción xa se escoitou. Pois ahora un turno para defender o...Un minuto, bueno, pois un minuto, para defender o texto da, o texto da emenda. Bueno, pola tua parte xa esta. Portavoz do Partido Popular tocaríalle."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós, evidentemente, non estamos de acordo. Aquí presentase unha moción e o "ti mais", como que non procede."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Montoro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Espera. Portavoz da Unidade Veciñal de Dodro."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Montoro."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Dios mio, que pereza, que pereza!*

A ver, dende a Unidade Veciñal de Dodro, manifestamos o noso rexeitamento a emenda do PSOE e a moción do PP, porque ningunha das súas propostas, responden a verdadeira preocupación e necesidades dos veciños e veciñas do noso Concello. Ámbalas dúas posicións, están centradas nunha confrontación estatal que pouco ten que ver ca realidade municipal. Desviado a atención dos problemas locais e usando o pleno, como campo de batalla partidista, en vez de espazo para mellorar a vida da nosa xente."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Esto interésalle tamén a Dodro porque os cartos veñen de Europa, de Madrid... incluso da veñen da Xunta, cando nolos dan. Entón, nós si que pensamos que son interesantes debatir cousas, tan importantes como é o nivel democrático.*

Nós non apoiamos nin a moción do PP nin a emenda do Partido Socialista."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Bueno pois pasamos a votar a emenda, non?"*
Procédese á votación da emenda en primeiro termo, tal e como determina o artigo 43 do Regulamento Orgánico Municipal.

Votacións:
Votos a favor: 3
0 BNG
0 PP

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Non aprobada

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno pois pasamos a discutir a moción na sua totalidade. Un turno para cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Portavoz do PP, portavoz do Partido Popular, mira que non nos gusta a nós traer a política nacional aquí, pero son vostedes os que a traen. Falando de corrupción, Rueda súmase no seu papel de submisión, a Feijoo, no discurso de adianto electoral. Cal é a alternativa? Un PP, condenado xa por corrupción nunha histórica sentenza e con 28 casos pendentes que serán en xudicializados este ano e que implican a máis de 150 cargos políticos imputados? Sin contar a Montoro, de momento. A un VOX, sancionado polo Tribunal de Contas, polo financiamiento irregular?*

A alternativa non poder ser o retroceso moral dun goberno que sumaría dous partidos xa condenados por corrupción. Sentencia por corrupción o PP . No 2018, en unha sentencia probou que tiña unha caixa B e era participe dunha trama corrupta. Esta decisión, levou á caída do goberno de Mariano Rajoy, coa moción de censura do PSOE. Hoxe, 16 anos despois, as sentencias seguen caendo, sumando centos de anos de cárcere para empresarios e altos cargos do PP. Pero o caso non esta pechado, en novembro de este ano, máis banquillo. Por iso o PP está nervioso. Quedan, entre outras, por resolve,r a chamada peza principal. A maior trama de corrupción da historia de España, a Gürtel, comenzou en Galicia, con Paulo Crespo o fronte, ex secretario da organización do PP galego, que ocupou cargos públicos. O PP galego, é un banco de proba de todo o peor da política, que exportan logo a todo o país. Corrupción, mentiras, chanchullos de amiguetes, acoso xudicial.

A Operación Pulpo, o arquivo da Operación Pulpo, demostra que Feijoo e Rueda orquestraron para destruír politicamente ao seu rival político, o Socialista José Ramón Gómez Besteiro. Despois de 12 anos de causa aberta, o PP non pediu perdón polo

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

sufrimento que provocaron a propósito. Só con ánimo de abrir un proceso de acoso político e xudicial, as persoas políticos e técnicos da Diputación de Lugo, polo que o uso partidista das institucións nin polos milleiros de euros gastados nun proceso completamente inxustificado. Polo tanto o PP, Feijoo e Rueda, deben pedir desculpas e asumir responsabilidades políticas.

Elena Candia é a correvedile dos anónimos. Non está lexitimada para continuar no seus cargos e para a alternativa, para ser alternativa en Lugo, polas súas malas prácticas e polo dano que lle causou a imaxe da cidade. Quen entrega, a propósito, anónimos falsos para intentar destruír aos seus adversarios políticos, non merece ocupar responsabilidade na sede da democracia galega, mais o contrario, Elena Candia fue, foi premiada coa vicepresidencia da mesa do Parlamento, onde cobra máis que o presidente da Xunta.

A causa foi arquivada tras anos de demora inexplicable, con grave prexuízo de personas e á imaxe da Diputación de Lugo. Nunca houbo nada. Galicia e Lugo merecen boas persoas que se atrevan a negar no PP que enviaron anónimos a Xusticia. Non poden facelo, porque así de sucia é a súa política, Galicia. Que autoridade moral ten o PP cando é o partido cun pasado máis tráxico neste eido?

Durante os mandatos de Feijoo e Rueda, do 2009 ao 2025, en Galicia, o PP viuse envolto nunha longa lista de casos de corrupción e escándalos políticos. Ter un expresidente da Xunta, Feijoo, amigo dun traficante e presumindo que nunca tivo imputados no seu goberno, é un sarcasmo. Tivo altos cargos imputados e condenados, casos Campeón, Z, Patos... Aínda que tente xogar cas palabras. Recibiu mais de 5.200 millóns de euros, entre fondos europeos e estatais, pero só executou un tercio. Non é falta de cartos, é falta de vontade.

A esto, engadirlle que este día, coñeceuse que o señor Montoro, polas súas... as súas artimañas que fixo, pois cometeu uns delitos; que se vai a ser xuzgado por eso, con peticións de carga.

Eso foi hai 8 anos, pero eso non foi o máis grave. O máis grave foi perdoarlle a xente... empresarios, grandes fortunas e políticos do PP; Máis de 43 mil millóns de euros co 3% eses eran, o 3% que tiñan que pagarlle a Hacienda para regularizar as súas fortunas procedente de diñeiro negro.

E bueno, falando de corrupción, mire que aínda non se sabe quen é M. Rajoy, dos anos que levamos...! E que rapidez, oe! Que rapidez se ven os sumarios... esto... o secreto xudicial para determinadas causas do PSOE.

Oitenta e oito cargos, oitenta e oito causas de corrupción: oitenta e sete do Partido Popular e unha do PSdeG-PSOE."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Bueno, vamos ao siguiente portavoz... Vostede xa fixo uso da súa palabra..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Eu vou facer o peche."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal. Sobre a moción"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, xa. Xa me dou conta.*

A proposta presentada polo Grupo municipal Popular, sobre as cuestión relativas a situación do Goberno de España, resulta a a xuízo da Unidade Veciñal de Dodro, totalmente fora de lugar para o pleno do Concello de Dodro. O pleno dun concello, debe centrarse naquelas cuestión que afectan directamente á veciñanza de Dodro. Como son os servicios públicos, o benestar social, a protección do noso territorio e patrimonio, o impulso da lingua e cultura galega. Entrar a valorar, o censurar asuntos de política estatal que non teñen relación directa co noso municipio, só contribúe a desviar a atención dos verdadeiros problemas e demandas da cidadanía de Dodro. Desde unha perspectiva local, non procede converter aos concellos en escenarios de debates partidistas estatais nin utilizar os nosos plenos, como caixa de resonancia de intereses alleos e centralistas. Por exemplo, se un alcalde é investigado, debe debe ser o pleno municipal onde se debata ou se depure responsabilidades, non no Congreso dos Diputados. Os partidos deben debater onde teñen competencia, non usar a posible corrupción do Estado como arma política municipal, nin viceversa. Formular acordos deste tipo, supón en esencia, un intento de instrumentalizar a institución municipal para fins partidistas e para reproducir discursos alleos aos intereses do pobo galego.

O noso compromiso debe de ser co autogoberno de Galicia e coa defensa dos nosos dereitos e intereses propios. Polo tanto, este grupo oponse frontalmente á aprobación da proposta presentada. Considerando que non responde nin as necesidades nin os intereses de Dodro nin a vontade dunha sociedade galega que aposta pola autogoberno, a defensa dos seus dereitos e a superación dos vellos marcos centralistas.

O Concello de Dodro debe traballar o servicio da veciñanza. Promovendo políticas de benestar, cultura, sustentabilidade e identidade galega e non perder tempo nin recursos, en debates alleos e partidistas."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si... Bueno, está claro, que estamos falando do bipartidismo, que está atravesando pola corrupción de pés a cabeza. PP e PSOE que vanse alternando nun espectáculo lamentable que da... a sociedade.*

A corrupción éche un elemento estrutural da chamada transición política, de escasa calidade democrática e do modelo de Estado que resulta do réxime do 78. A corrupción do PP é o seu contrasinal, o antropólogo Javier Aroa, nun programa da Ser, dicía no o 5 de setembro ."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aroca."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:n "*Javier Aroca.*"

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Aroca, que dixen?."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aroa."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Aroca, Aroca, perdón, grazas. Pois dicía nun programa da Ser, dicía que acreditado polos xuíces, a única banda criminal para delinquir que hai na política española é o PP. De maneira constante, PSOE e PP, teñen escándalos de corrupción, co desvíoe uso caciquil de recursos públicos.*

O BNG, reivindica con orgullo, que nos máis de 40 anos de historia, pasando por moitos gobernos de concellos, dee deputacións e mesmo do goberno da Xunta, non tivo, ningún solo cargo público, nin cargo electo condenado por corrupción. Incluído este portavoz que fala, que claro, como se lle aplica aquelo de que: pensa ladrón que todos son da súa condición... Incluso este portavoz foi acusado e foi, polo tanto, unha calumnia.

Ben, no cárcere de Soto do Real, hai: 87 persoas por todo isto, do PP e unha do PSOE. Honestidade e coherencia, definen a práctica da política do BNG, que está aquí, está na Xunta e está tamén en Madrid e en Europa. Porque as nacionalistas galegas, entendemos e facemos a política de maneira diferente. Diante dos máis recentes escándalos que afectan o núcleo, da máxima dirección do PSOE, tanto a nivel de partido, como de goberno, dos secretarios de organización e un ex ministro, da carteira do executivo, con maior capacidade de investimento... A reacción do Bloque Nacionalista Galego, foi inmediata e contundente.

Esiximos respostas claras, depuración de responsabilidades e medidas efectivas, que hai un momento se mencionaban aquí tamén.

Calquera caso de corrupción, debe ser investigado en profundidade ata as últimas consecuencias. Por iso, demandamos no Congreso, a comparecencia urxente do Presidente do Goberno.

O BNG é e será, sempre exixente, na depuración de toda las responsabilidades, tanto de quen se aproveita destas institucións públicas para lucrarse, como de quen, desde o ámbito económico, procura por BOE ou por DOGA o servizo de intereses particulares. O BNG non vai a facilitar nunca un goberno da dereita e da ultradereita.

Se alguén sabe de corrupción, xa o repetín antes, é o Partido Popular. Doce ministros de Aznar, estiveron imputados por corrupción, o goberno de M. Raxoi caeu polo caso da Gürtel e a corrupción xeneralizada do Partido Popular. Unha nota de prensa do 22 decía: a Audiencia Nacional condena, por terceira vez, ao Partido Popular, por beneficiarse de cartos da corrupción da Gürtel.

E na Galiza non só tan abondosas, como acreditadas as prácticas opacas caciquís e corruptas do PP, en favor de empresas amigas, escándalos...pois por exemplo, 470 millóns de euros no Hospital Álvaro Cunqueiro, na...eso non é nada. Ou 1.500 contratos menores,

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

por importe de, case 5 millóns de euros, en favor dunha empresa dirixida pola irmá, do daquela presidente Feijoo, por exemplo. Vou abreviando eh!

Mais tampouco aceptamos a carta de medo, como cheque en branco que o goberno pretende. O PSOE debe demostrar, con feitos áxiles e contundentes, que quere combater, claramente a corrupción, caia quen caia, e asumindo todas as responsabilidades que deban asumir.

O BNG, haille que recordar o Partido Popular e a súa voceira, non é socio do actual goberno de Pedro Sanchez. O BNG, subscribiu unicamente, un acordo de investidura con importantes compromisos para a mellor atención das necesidades e intereses de Galiza, das galegas e dos galegos, que o executivo debe cumprir. Miren, simplemente que... Non hai caso, aseguran algúns letrados, contra a muller do actual presidente do goberno de... do Estado, pero si, esa mesma xustiza, non da atopado quen era M. Rajoy... Ademais, cítolle outra nova de prensa, di: Caso Begoña Gómez, cero indicios e cinco imputados, tras ano de... tras un ano de investigación, 14 de Abril de 202..

Mire, se falamos de democracia, búsquena e persígana para Dodro que, por exemplo, teña unha depuradora de augas residuais axeitada. Ou investimentos que o PP, desde a Xunta, lle nega a Dodro, pero si, o mellor a outros concellos do lado...

Democracia, non é defender intereses das industrias eléctricas que sacan proveito da nosa terra, cotizan en Madrid e nós, mentres pagando a luz máis cara do estado, pese a producila.

Democracia, non é cargar política e policialmente contra as persoas que libremente queren votar...

Democracia, tampouco é, amañarlle unha praza de veterinario, ao ex concelleiro do mar, despois dunha denuncia por agresión sexual.

Democracia non é, esquecer a milleiros de manifestantes e escritos rexeitando o espolio por mar e por terra, do noso país. Sexa a macrocelulosa Altri, aeroxeradoras sen control, pisando o que sexa ou explotacións mineiras, onde a terra, xa é unha verdadeira mina... con denominacións de orixe ou Camiños de Santiago.

Democracia non é, cambiar a lei do Parlamento para que saia elixida a persoa directora da CRTVG, vou acabando xa....”

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Por favor.”*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *“Democracia non é, ir en contra ao recoñecemento dun veciño de Dodro, Moncho Reboiras, recoñecido polo Estado, como asasinado polo franquismo. Pero claro, que esperar dun partido que se di popular e que vota de menos o fascismo?”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *“Moitas gracias. Vamos a pasar a votación directamente, porque ....”*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*Non.*"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ahh, perdón. Desculpe desculpe, desculpe. Cando queira."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vou a empezar a contestarlle ao señor portavoz do BNG, porque si todo o que fala é mentindo como acaba de mentir, é mellor que non fale, dígollo sinceramente."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Prensa, prensa..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vostede acaba de decir..."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Lea a prensa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, Xoán."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vostede acada de dicir que o BNG non tuvo absolutamente, en toda, na sua historia, ningún cargo acusado por corrupción."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Acusado."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Así, en un momentiño, voulle decir. O caso Melide: a Sala do Penal do Tribunal Supremo condena a 1 ano e 6 meses de prisión á sua ex alcaldesa do BNG, máis 3 anos de inhabilitación. O número 3 de Beiras, Yolanda Pérez do Campo, estuvo imputada en un proceso de corrupción e dimiteu, non sei se vostede se acorda, porque vostede sempre fala de que leva moitos anos no BNG e parece que a veces se olvida. Fernando Blanco que era diputado, estuvo imputado en un caso de corrupción con un caso de das subvencións na Cidade da muralla en Lugo... Pero mire eso é así un."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Non foi. Non foi..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, non estamos nun debate."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Eso a min."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Pero non foi condenado."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señor Bautista non estamos en debate."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non foi condenado? Eso foi*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

así en."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non estamos nun debate."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Fernando Blanco, non."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*Un momentiño. Dígolle 3 primeiros, e o primeiro caso, aquí ao lado, en Galicia, no Concello de Melide. Condenada a 1 ano e 6 meses de prisión. Entón que se lle encha a boca, en decir que o BNG nunca tivo ningún caso e de corrupción, bueno... A veces... e que é mellor estar calado.*

E agora vou co peche da moción. O goberno de Sánchez é un goberno agónico, en vilo e que está danando a imaxe de España en todo o mundo. Non hai en Europa, un primer ministro con toda a sua contorna persoal e política investigada por corrupción. Ningún goberno que degrade as institucións ou cometa fraudes fraudes de lei impunemente, nin tampouco fiscais xerais que senten no banco por delinquir contra rivais políticos, seguindo ordenes da Presidencia do Goberno.

España, non pode ter un goberno máis pendente de cada imputado ou de cada novo rexistro da UCA... da UCO que de calquera outra cousa. España necesita un gobierno que se ocupe dos problemas dos galegos e todos os españois, non dos propios. Lamentablemente, o exemplo do PSOE e do BNG é ese goberno de Sánchez un goberno corrupto que esta danando a imaxe de España en todo o mundo.

Queremos máis dimisións e eleccións. Cando nun país está implicada por corrupción, a muller do presidente, o irmán do presidente, o ex número 2 do presidente, o actual número 2 do presidente e o Fiscal Xeral que nomeou o presidente, é evidente que o problema é o presidente. Insistimos, explicacións, dimisións e eleccións.

Estamos vivindo en directo a degradación de España, a caída do Partido Socialista e o adeus de Pedro Sánchez. Cando parece que nada pode ir peor, neste epílogo do goberno central, sempre aparece algo novo. Nin os galegos nin o resto dos españois, merecen os espectáculos que levamos vivindo nos últimos meses que xa son incontables. E que ademais, si que afectan a veciñanza de Dodro.

O sanchismo está arrastrando o nome de España polas cloacas cun PSOE en caída libre. Xa non hai nin comparecencias nin cartas que expliquen esta situación. A única decisión que queremos é a disolución das Cortes e a convocatoria das eleccións xerais.

Sánchez e a súa contorna, apoiados polo BNG, tamén están danando a imaxe de Galicia. Non hai moito, nun acto socialista, participaron dous garantes da marca PSOE en Galicia, a independente que xa ven Álvaro García Ortiz, o Primero Fiscal Xeral do Estado procesado e Isabel Pardo Pardo de Vera, expresidenta de ADIF e unha das principais protagonistas tamén, dos audios de Koldo. En que cabeza cabe que un Fiscal Xeral do Estado, permaneza así, nas súas funcións? Se xa, nos últimos meses, era moi difícil de entender, agora directamente é imposible. Non pode perseguir delitos quen presuntamente os cometeu, a situación é insostible.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Por último, pasan os días e seguimos preguntándonos o mesmo. Que pensan facer o BNG e Ana Pontón, co seu apoio o Señor Sánchez? O BNG, apoiou ao PSOE en dous pactos de investidura, no 2020 e no 2023, que se converteron en papel mollado."

O BNG apoiou ao PSOE, en multitude de concellos e nas Diputación da Coruña e de Lugo. Agora sabemos que o PSOE se converteu nunha organización corrupta e que fai o BNG?, facer como se non pasará nada. Non pode ter a cara de decir que o seu apoio e puntual, cando sustenta a Sánchez día atrás día.

O BNG debe deixar de apoiar o goberno de Sánchez e ao mesmo tempo, romper co PSOE nos concellos e nas deputacións galegas, porque se non, seguirán sendo cómplices de corrupción. Debe negarse a reunións co PSOE e con Sánchez que só servirán para alongar esta situación insostible. O BNG e Ana Pontón, deben aparcar xa o cinismo, o independentismo galego ten que deixarse de medias tintas, de peticións de comparecencias, de reunións e pedir o demandan a maioría dos galegos e galegas, dimisións e eleccións."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"É vostede."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada máis que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. É vostede consciente de que sobrepasou."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"O peche era meu, verdade, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ah."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, pero eu son o alcalde e podo pechar cando me dea a gana."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Vale."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non sei se o sabe, se non, recórdollo eu."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pensei, si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Recórdollo."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si que cando é unha moción do Partido Popular sobre...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Claro, e que suelo facerlo. Que para eso son o alcalde."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Cas outras no, pero bueno..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Primeiro mire, señora Boga."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Aquí bueno, vamos por..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Esto non é un debate, esto non é un debate."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Este é un exercicio."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Eu téñolle que contestar o que di tamén."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no, pero por favor no, porque vostede acabou o seu turno da palabra, e eu deixeille..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si non lle gusta..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdóneme. Eu deixeille a vostede falar máis tempo do que tiña consignado na defensa final da moción. Por favor, eu que precisamente lle iba a decir... Respecte vostede, como estamos respectando, eu como presidente deste pleno, a vostede, neste momento, deixándoa falar máis do que deberá."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pero tamén, deixou aos demais, non?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Entonces, por favor, déixeme acabar, por favor déixeme acabar a min..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ou aquí non somos todos iguais?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor. Non, no somos todos iguais."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Volvemos ao mesmo?."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, non somos todos iguais."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ah!, vale."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, eu son o alcalde e vostede non. Para empezar."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, claro."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu son o presidente da corporación."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, pero as intervencións de todos os conselleiros..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, señora Boga..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Son todas iguais."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Señora Boga, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"É que claro..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Por favor, señora Boga. Dito esto, tamén lle quero decir unha cousa, mire... eu non son, como moi ben dixo o portavoz aquí, demasiado partidario de facer política nacional no pleno do Concello de Dodro. Pero que vostede veña aquí, a verter mentiras como, leva vertendo desde que estamos debatendo esta moción... veña vostede aquí, a ser adaliz da limpeza partidaria, da limpeza na xestión, metendo pleitos a montóns... Recórdolle que eu levo aquí seis anos, na primeira lexislatura, vostede asinou, ou asinou ou estaba do lado dun portavoz que me meteu a min tamén unha serie de pleitos..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Está faltando á verdade."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Por favor, déixeme falar. Non me interrumpa, por favor..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Está faltando á verdade."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Non me interrumpa."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Eu non asinei nada, non pode..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Non me interrumpa."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non pode decir o que non é certo..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "N*on me interrumpa."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non lle vou a permitir que me minta sobre eso."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Por favor, señora Boga, non me interrumpa."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Así de claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Por favor, dixen asinou ou estaba sentado ao lado do portavoz que asinou unha serie de denuncias contra min."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Vale, todas. Que se demostraron co tempo que quedaron en nada. Entón, dito esto, vostede non é en absoluto un modelo para nadie de defensa da legalidade, nin do bo facer, nin de nada. Que esteamos aquí aguantando todos..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Me esta acusando de algo?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Que este aguantando, que esteamos aquí, aguantando todos os membros destos y os veciños que están aquí presentes e que están na casa vendo esto... eu creo que lle vai quedar claro a todos, quen e quen en cada momento..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*En todo caso, vostede... eu reclamareille a vostede, ou o portavoz do Partido Socialista de Galicia, reclamarémoslle a vostede aquí, seguro que disculpas por todas as informacións segadas e mentireiras que verteu vostede aquí."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pedir perdón."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Porque, vaise demostrar co tempo, que vai ser, o ratio, vai a ser basicamente este 87 do seu partido na... pasaron pola cárcere de Soto do Real e máis que van pasar nestes próximos, nestas próximas semanas ou días que non meses y tan solo hai un ingresado, por parte do Partido Socialista. E veremos, si a proporción, non se desequilibra máis todavía, en contra do partido ao que vostede representa neste concello."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Eu entendo que non lle gustará."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Dito esto. Vamos pasar a votación da moción."*

Ángel Jamardo Rey, concelleiro do PP*:* *"Desculpe, perdón, teñen que decirlle a ela, pídalle tamén ao outro compañeiro que..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vamos a votar, vamos a votar... Eu pídolle a quen me da a gana, vamos a votar a moción moción por favor."*

Procédese á votación

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Non aprobada

10. MOCIÓN DE UNIDADE VECIÑAL DE DODRO DE PLAN DE LIMPEZA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente e le o voceiro de Unidade Veciñal:

Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A seguridade e a limpeza dos espazos públicos son elementos fundamentais para garantir o benestar, a saúde e a calidade de vida da veciñanza. O estado das pistas, rúas interiores das aldeas, parques infantís e áreas recreativas incide directamente na convivencia, na accesibilidade, na prevención de accidentes e na imaxe do municipio. Ademais, a falta de mantemento e limpeza pode derivar en situacións de inseguridade, deterioro do mobiliario urbano e propagación de enfermidades, especialmente nos espazos frecuentados por nenos e familias.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Experiencias doutros concellos amosan que a posta en marcha de plans integrais e continuados de limpeza e seguridade, con actuacións programadas e reforzo dos servizos ordinarios, contribúe de maneira decisiva a mellorar a percepción cidadá, reducir riscos e preservar o patrimonio público. Así mesmo, a limpeza periódica e a revisión do estado dos equipamentos nos parques infantís son imprescindibles para garantir un entorno seguro e saudable para a infancia.

A percepción actual da veciñanza e que os traballos de limpeza que se realizan non son efectivos e non teñen un calendario axustado ás necesidades e que unicamente se procede a limpar as rúas interiores das aldeas días antes das festas de cada unha.

Ante todo o anterior propoñemos o seguinte

ACORDO:

-Instar ao goberno a elaborar un Plan Continuado de Actuacións sobre a seguridade e limpeza das pistas, rúas interiores das aldeas, parques infantís e áreas recreativas do municipio, que inclúa:
• Un diagnóstico inicial do estado destes espazos, identificando puntos críticos e prioridades de intervención.
• A programación de actuacións periódicas de limpeza intensiva así como o mantemento e reparación do mobiliario urbano e equipamentos de xogo.
• A información e implicación da veciñanza, mediante campañas de sensibilización e comunicación previa ás actuacións nas distintas zonas.
• Establecer un calendario anual de intervencións, revisable segundo as necesidades detectadas polos técnicos e as achegas da cidadanía, garantindo que todas as zonas do concello reciban atención ao longo do ano.
• Facer público este calendario en forma de bando municipal, nas redes sociais e na páxina web.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Moi ben, un turno a cada. Esta moción, é unha moción non? Xa a defende Moncho, pola nosa parte. Portavoz do Partido Socialista de Galicia.*"

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. É bonito ese nombre do o Plan Continuado de actuacións... Existe un plan, existe un plan de actuacións... que pasa? Cunhas prioridades, os colexios, os parques, os colexios, os parques infantís... e todo eso. Pero... ten que recordar de que Dodro, Dodro, personal que temos en Dodro... Temos dous, digamos oficiais; un, digamos... chofer, maquinista, o lo que quiera ser... que con 2 días, 3 días á semana, á recollida do lixo. Outro, que é electricista, fontanero e nos queda... nos queda 1 peón. Si con 1 peón, podemos cubrir, todas as necesidades que hai no concello pa limpiar os camiños y todo eso... Logo temos as... estas digamos provisionais, como son o PEL da Diputación. Tres durante uns meses, 4 meses normalmente; contándolle as vacacións que tamén tenas que disfrutar, tres operarios. Un, actualmente está de baixa, tuvo un accidente e esta de baixa. E , quedan dous un terá, un colaborar co servicio de recollida de do lixo. Logo tiñamos concedido, temos o do Aprol do Rural. Pero bueno, estos todos, como hai tanta demanda... presentáronse tres, ou tres subscribiron a instancia, para presentarse. E dous, foron á*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

fase de concurso e non pasou ningunha. Iso é culpa do goberno municipal non ter aquel? Como vamos a buscar?, estamos limitados. Sendo unha administración, temos que contratar según os procedementos establecidos y claro, me gustaría contar co personal de concellos limítrofes, como Rianxo e Padrón. Mire, as brigadas de obras que ten e mire o personal que quen o concello.

A todo iso, xa digo, seguimos... seguimos con eso, non? Estamos preparando claro, campañas de sensibilización, como tuvemos para o do lixo e todo. O que pasa, é que a xente, cada un vai... dislle, non botes aquí e bota alí y bueno...todos, todos queren ser os primeiros da limpeza, indudablemente.

Falou do das festas, de que se limpaba polas festas. Esto é un... que viña facendo o anterior goberno, se viña facendo e cando estuvo, cando vostede estuvo no goberno, tamén se viña facendo así. Hai unhas...hai uns lugares, hai uns lugares como son Lestrobe, Imo e Laíño, quizá os mais grandes non... sin discriminar a ningún, que logo, polo que lle toca, sempre son os últimos. Teñen que chapar todo o.. a limpeza, as herbas e todo eso, teno que limpar hasta que lle veña a festa,non?

Este ano, este ano, nada mais entrar os do PEL... Os obreiros do PEL, as instrucións que tiñan era primeiro empezar darlle unha parte a esas a eses 3 sitios, a eses 3 sitios e despois, empezar os colexios e e primeiro e despois dos colexios, os parques infantís e logo continuar co das festas. Bueno, así se estaba e estamos preparando o todo.

O calendario anual?, acábollo de decir, máis ou menos, se é un calendario non... Facer público ese calendario nun bando, si, pero xa lle digo, eu podo decirlle que o día 14 de xullo van limpar a Bexo, e bueno, pode pasar calquera cousa ou personal daquel vai ...e bueno... e non van... e salta outra vez cousa outra vez, xa ten que ir o día 15 ... E que é practicamente imposible. Bueno...
A opinión do Grupo Socialista, neste caso é voto contrario a esta moción."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Cando estaban vostedes gobernando fai catro anos, voulle decir que tamén se limpaban aldeas exactamente igual, polas festas e as veces, nin sequera todo. Quedaba algún recoveco, algunha zona dentro da aldea sin limpar. É unha mágoa que non puxera en marcha vostede este programa, que ahora ven a pedir.*

Pasamos de ter recollida do lixo tres días, a tela solo dous días. Pero vostede aquí non dixo nada. Nin se queixou, nin dixo absolutamente nada. Os contedores de plástico, agora recóllense con bastante menos frecuencia, rulan fotos polas redes sociais, practicamente todos os días. E moitas veces, veñen a recollelos, cando xa temos outro contenedor, pero tirado no chan, porque dentro non caben. Pero vostede aquí, tampouco dixo nada deso.

Hai contedores rotos, con cristais no chan, dende fai meses en algunha aldea do concello e tampouco dixo absolutamente nada. Agrádanos, que por fin, se dean conta que o concello ten un grave problema de limpeza, dende fai xa moito tempo.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Nós si imos apoiar a moción, porque ademais...eu simplemente, quero mostrar algunha fotografía... Esto foi, onte pola tarde. pero e que é, dende fai meses, continuamente. E que tiñamos tres días de recollida do lixo e ahora temos dous. Aquí nadie protestou nada, nadie veu a decir absolutamente nada... E os contenedores botan por fora, pero en todas as aldeas. Entón, a ver... Nós xa o dixemos aquí en varías ocasións. Presentamos preguntas, presentamos mocións e esperamos que o equipo de goberno tome medidas a este respecto, porque a veciñanza queixase deste problema. Nada mais."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz de Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: "*Si. Nós, desde sempre, non é o BNG, acabamos de escoitar que todos os grupos pedimos máis axilidade na limpeza. A última vez que o pediu o BNG, debeu ser por xaneiro, por exemplo. Así como a responsabilidade do concello, claro que ten cara os bens privados. A ver, nós na moción estamos ... estamos de acordo. Nós na moción o que botamos en falta e pedirlle o concello máis persoal, posto que, ao ter máis rúas, ao ter máis camiños, sendas, calquera tipo de vía de comunicación que se incrementaron estes últimos anos. Teremos que contar con máis persoal, que é o que realmente fai falta. É decir, habería que pedirlle ao equipo de goberno que pedira máis plans, máis convenios... Porque acaban de recoñecer desde o concello que o personal é insuficiente. É insuficiente, porque xa, cando gobernaban outros, aquí no concello de Dodro, en outros mandatos, tiñan practicamente o mesmo persoal e ahora, co mesmo persoal, temos máis vías de comunicación e o que non temos é a posibilidade de, de polo menos, a posibilidade de que desde o goberno, se pedira mais persoal, a parte do APROL, a parte dos que veñan da Xunta.*

Polo tanto, eu engadiríalle como portavoz do BNG, o de pedir outro tipo de plans ou convenios ou como lle queiramos chamar... E desde logo, si que... si que apoiamos que o que necesita a xente é unha atención máis acaida, polo que, entendemos todos que hai máis vías de comunicación, e a xente necesita das cousas que lle brinda o concello, que é das poucas cousas que o concello de Dodro, pode facer non?, como un servizo fundamental."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Outro turno máis, para o que presentou a moción."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Bueno, dicirlle ao portavoz do PSOE que é evidente que veu dicindo que o plan existe, que teñen un plan. Non sei, porque non o fan público, se o teñen.*

O tema do persoal, eu tamén, sei que non hai persoal. Pero, outros concellos acuden a outras formulas como contratación de empresas de limpeza ou, si se poden facer, porque os outros concellos teñen tamén ese mismo problema de persoal e están suplindo con outro tipo de contratacións. Contratan empresas ou contratan persoal. Esto vémolo en Padrón, vémolo en Rianxo... que están facendo ese traballo. Teñen o mismo problema de persoal que temos aquí, pero levan adiante o traballo. Hai fórmulas para facelo, sabémolo, porque o fan outros concellos, e ninguén culpou o goberno. Aquí non

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

viñemos a culpar ao goberno, de nada. Ou sea, nós o que pedimos ao goberno é que faga un plan de limpeza e que o publique, basicamente. Non estamos culpando, sabemos que están mal as aldeas e que se está facendo o mismo traballo, basicamente que se fixo sempre. O sea, o tema das festas... Pero queremos que o concello, o goberno de, un paso máis, que faga un plan de limpeza, que sea continuado e que o faga público, basicamente.

E ao PP, dicirlle que mentres, cando nós estivemos no goberno, nós non tíñamos a competencia na... na limpeza, nós non tiñamos competencia de obras... Nós tiñamos as competencias que tiñamos e vostede non sabe, si llo dixemos ou o o as discusións que tivemos nós aquí"

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Bueno, vale."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eso vostede non mo pode decir, basicamente. É máis, aquí esta moción non é para recollida... non é para a recollida do lixo, esta moción. É, basicamente, para a limpeza das aldeas e das pistas. E é verdade o BNG, nós podémoslle pedir máis persoal, pero o persoal tamén, hai que saber que non se pode contratar así como así, directamente. Terá que buscar o concello, outras fórmulas para a contratación do persoal porque, evidentemente, sabemos que hai falta de persoal, evidentemente. Pero eso non quita, que habendo falta de persoal, teñas un plan de limpeza co persoal que tes."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Eu, antes de pasar á votación, agradecer a presentación da moción e agradecer a presentación... a claridade nas exposición que se fixo parte de cada portavoz.*

Parece que quedou claro que hai solucións que valen para un servicio, como é o servicio de axuda no fogar, que deberíamos municipalizalo. Sin embargo, non hai problemas en externalizar o servizo de limpeza de camiños e de rúas. En todo caso, recórdolle que é un problema... maiormente é un problema económico que posiblemente, se dispoñemos de... si dispoñemos de cartos, co tempo, igual traemos aquí a este pleno, unha modificación de crédito para destinar cartos para a limpeza de camiños. A ver que fai cada portavoz, chegado a ese punto, non?.

Contestarlle á portavoz do Partido Popular, que non é o caso, non sei se traerá unha pregunta nese sentido, as fotos que ensinou vostede, son dos contenedores amarelos, que están desde o ano 2004, repito ano 2004, non gobernaba aquí este que está aquí sentado, con un documento, con un documento asinado coa empresa COREGAL, vostede gobernou aquí durante 8 anos y non tuvo o sentido común nin a... nin a tempo nin a decencia nin nada... de facer un contrato como é debido, para que a recollida, de eso que tanto vostede se... acusounos, que é os envases que é o contedor amarillo, que son as fotos que vostede enseñou. E o vidro, que vostede di, que hai contenedores rotos con vidro, eso esta limpo e recollido. Xa llo digo eu, e iso está limpo e recollido, pero eso non é cousa nosa. Esa é cousa do concello que vaia recoller unhas rodas a Veiga? Será cousa dos talleres que incumplen a lei."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Non é."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"De todas maneiras...de todas..."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ese non é, ese é outro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"De todas maneiras, non se preocupe."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: "*Pero doulle as coordenadas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non se preocupe. Non se preocupe que todo iso está denunciado no Seprona e o Seprona está investigando. Pero todo caso, nós facemos o noso traballo. Pero quero dicir que este... aquí nos veremos...aquí nos veremos máis adiante, nas medidas que vamos a tomar e gustaríame que todos os portavoces recordaran o que dixeron hoxe y que o levaran a cabo nas próximas sesión de pleno. Bueno...y nada máis. Vamos a votar o texto da moción ou a moción."*

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 5
1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría simple

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

11. MOCIÓN DO PSOE PARA A ESIXIR O CESAMENTO DE HOSTILIDADES NA FRANXA DE GAZA

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente :

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE DODRO PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO, PARA A ESIXIR O CESAMENTO DE HOSTILIDADES NA FRANXA DE GAZA

Hai máis dun ano que o mundo é testemuña dun grao inconcibible de morte e destrución na Franxa de Gaza ocupada. O brutal ataque de Israel contra a poboación palestina de Gaza matou a decenas de miles de persoas, a maioría civís, incluídos nenos e nenas, borrado da face da terra a familias enteiras, arrasado barrios residenciais, destruído infraestruturas críticas e desprazado forzosamente a I,9 millóns de palestinos e palestinas -máis do 90% da poboación da Franxa de Gaza-, causando unha catástrofe humanitaria sen precedentes.

Durante as operacións militares israelís en Gaza que comezaron tras os terribles ataques de Hamás, constitutivos de crimes de guerra, do 7 de outubro do ano 2023 que ocasionaron a morte de mais de 1250 persoas e a toma de reféns de mais de 250 persoas, Israel puxo en marcha innumerables accións encamiñadas a causar un dano irreparable á poboación palestina.

Mentres o mundo mira impasible, Israel rompeu unilateralmente o cesamento do fogo e segue cometendo ataques implacables con impunidade que causan a perda incesante de vidas palestinas mentres a desesperada catástrofe humanitaria en Gaza empeora cada vez máis.

Á luz da urxencia da situación o Concello de Dodro pide:

 Que Israel e Hamás acorden e manteñan un cesamento do fogo inmediato e sostido encamiñado a protexer a vida da poboación civil en Gaza.
 Que as autoridades israelís deixen inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a poboación palestina de Gaza, o que inclúe a matanza dos seus membros, lesión grave á súa integridade física ou mental e sometemento intencional dela a condicións de existencia que haberían de carrexar a súa destrución física.

 Que as autoridades israelís faciliten con urxencia o acceso humanitario e a entrega de axuda a Gaza, levanten o bloqueo inhumano e ilegal a este territorio e poñan fin á ocupación do Territorio Palestino Ocupado, poñendo en práctica a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza de xullo de 2024 que declaraba ilegal a ocupación por Israel de Gaza e de Cisxordania, incluída Xerusalén Oriental.

 Que Hamás e outros grupos armados en Gaza liberen inmediatamente as persoas civís, tanto israelís como estranxeiras, retidas como reféns, e que Israel libere ás persoas palestinas detidas arbitrariamente. Nin o uno nin o outro pode estar supeditado ao resultado das negociacións políticas sobre a seguinte fase da tregua.

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

 Que a Unión Europea utilice o seu poder e influencia en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. En concreto que garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que esixen, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoien ás institucións e mecanismos internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación Que a Unión Europea se opoña frontalmente a calquera intento de establecer unha presenza militar permanente en Gaza, modificar as súas fronteiras ou deportar á poboación palestina de Gaza ou Cisxordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado."

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Bueno. Doulle paso ao alcalde que vai defender esta moción como voceiro do partido."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois a ver. Eu quero, antes do texto da moción que teñen todos os concelleiros, quería decirlles que se recibeu nesta alcaldía, este que lles fala; unha petición de amnistía internacional de do Presidente de Amnistía Internacional de Galicia, para a presentación de esta moción. A pesar de non ser política local, non sei o que fai facer o... Unidade Veciñal, xa sei que vai facer, vamos... pero, a pesar de non ser política local, entendo e máis así o manterei que hai certas cousas, que si que merecen estar aquí e discutirse neste concello.*

E aparte da do interese personal, de que as vítimas deste conflito, deste genocidio, non son só números, son a consecuencia directa do do ataque de Israel sobre a Franxa de Gaza.

Vou proceder a ler a a moción. Primeiro leo a moción e despois falamos deste tema.

Decir que o Partido Socialista, tiña unha moción sobre o asunto, pero evidentemente retirámola e estamos transcribindo literalmente a que nos enviou a Amnistía Internacional."

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Perdón, retiran a moción?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no. Dixen que o Partido Socialista tíñamos preparados unha moción sobre este asunto e presentamos esta."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ah! Esta é a que vai adiante."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Esta é a que ten o texto íntegro, que nos facilitou a organización de Amnistía Internacional."*

Procede á lectura da moción o alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Sobre esta moción, a Unidade Veciñal de*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro, presentou en data 16, unha emenda que a pesar de ser política internacional, non solo política nacional, polo que se ve, si que lles importa, o cal , me parece de bastante sentido. Por favor, o portavoz de Unidade Veciñal, se quere lela."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"A ver, paréceme case de mal gusto que nos compare esta moción coa moción que presentou o Partido Popular e que estiveron aquí discutindo durante media hora, basicamente"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdoa, eu non comparo nada. Eu non comparo o que se dixo ou que non se dixo."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non é o mismo."*

Procede á lectura da moción o voceiro de Unidade Veciñal, Xoán Xosé Vicente Franco.

EMENDA

Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro,

PRESENTAN:

Emenda de engádega á moción sobre a situación na Franxa de Gaza

Engádese á moción presentada os seguintes puntos:
• O Pleno do Concello de Dodro declara a Benjamín Netanyahu, primeiro ministro de Israel, persoa non grata neste municipio, en rexeitamento polas súas accións e responsabilidades nas violacións dos dereitos humanos cometidas en Gaza.
• O Concello de Dodro insta ao Goberno de España a romper todas as relacións comerciais e diplomáticas con Israel mentres persistan as actuais políticas de ocupación, violencia e vulneración dos dereitos do pobo palestino.
Estes puntos engadidos reflicten unha postura máis contundente do Concello de Dodro ante a grave situación humanitaria na Franxa de Gaza e reafirman o compromiso co respecto aos dereitos humanos e a defensa da legalidade internacional.

Procede á lectura da moción o veceiro de Unidade Veciñal, Xoán Xosé Vicente franco.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Pois, un turno para os portavoces, para tratar o tema da emenda, en principio."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Da política nacional pasamos á internacional... Mire, antes falabamos, antes falabamos de que bueno, unha parte Netanyahu, xa sabemos como é, hai unha segunda parte que é Hamás, que tamén ten o seu, ten o seu aquel.*

Presentámoslle a moción, como ben dixo o alcalde, seguindo o modelo, igual que enviaba Amnistía Internacional e creo que é suficiente con eso. Aí non nos metemos. Bueno, queremos que haxa entre Israel e o territorio Palestino, os palestinos que haxa un

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

acordo. Non nombramos nin a Netanyahu que todo mundo sabe como é... pero Hamás, tiene súa parte tamén."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Resulta curioso que o portavoz de Unidade Veciñal, fai un momento, nunha moción presentada polo Partido Popular, dixera que non tiña sentido traer a este pleno mocións de nivel nacional, porque non lle ataca aos veciños de Dodro e logo el ahora, presente emendas a nivel xa internacional. Bueno, a veces, hai que poñerse un punto na boca e así, non me caia enriba despois. Nada mais que decir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Con respecto á achega supoño. Bueno, nós desde o desde o BNG, temos outra visión que non é nin a compartida coa moción que presenta o Partido Socialista, nin exactamente tampouco coa que pretende achegar a Unidade Veciñal."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Pois, eu como presentador da moción... Bueno estamos aínda ca... hai que votar a emenda, non? Bueno... pois, tes un turno mais creo, non?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"No, non."*

Procédese á votación da emenda.

Votacións:
Votos a favor: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 6
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 Xente de Dodro

Non aprobada

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Entón ahora vamos a discutir o texto da moción. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *" Bueno, resulta tamén curioso que o alcalde do PSOE, fai un momento votará en cara a esta portavoz que a este pleno traer mocións de nivel nacional, que non era moi asi, porque os veciños de Dodro, bla bla bla bla, e as veces..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non quería interrumpila, pero eu non dixen eso, eso díxoo o portavoz do Partido Socialista."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ás veces... díxoo o alcalde no peche da moción... Ás veces..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu dixen outra cousa."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Ás veces ten que deixar de escupir arriba, porque lle cae encima. Tamén é verdade que empezou, para empezar esta moción, empezou decindo que esta é que era de interés. Bueno, para vostede é de interés, pero para nós tamén era de interés a que presentamos nós. O que pasa, que cada un, pois veo a súa maneira, loxicamente. Eu entendo que non lle gustará a nosa moción, entón bueno di, e que esta é de interés e a vosa non, bueno.*

A posición do Partido Popular, foi reiteradamente exposta, baséase en catro elementos fundamentais: o alto o fogo, a liberación dos reféns e de presos palestinos, a axuda humanitaria distribuída sin obstáculos á poboación civil e evitar a escalada rexional.

É preciso avanzar na solución da cuestión palestina, ademais unha solución da cuestión palestina só pode chegar pola vía negociadora. O principal inimigo do pobo palestino é a organización terrorista Hamás. Pedimos ao goberno de Israel, o cese de actividades militares encontra da poboación civil e que facilite a entrada da axuda humanitaria. Esa é a nosa postura e sempre foi así. Israel ten que cesar as súas actividades, distinguir o terrorismo da poboación civil.

O goberno de Israel, está sendo absolutamente desproporcionado nas súas actividades militares contra a poboación civil palestina, impedindo axuda humanitaria e incumprindo o dereito internacional e isto ten que cesar.

A posición do Partido Popular ante este conflito é claro. Empezando por non defender nunca, a violencia como ferramenta para resolver esta situación. Rexeitamento aos ataques perpetrados polo grupo terrorista Hamás do 7 de Outubro do 2023. A apertura de corredores humanitarios que permitan a chegada da axuda a poboación civil sin obstáculos. O cese das actividades militares en contra da poboación civil, unha resposta que consideramos desproporcionada. A negociación e o respecto a un alto o fogo entre

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

as partes. Liberación dos reféns israelís e dos presos palestinos. Evitar unha escalada rexional do conflito.

No caso de Galicia, a Xunta ven traballando con organizacións como a Axencia das Nacións Unidas para os refuxiados palestinos e outras para a mellora das condicións de vida da poboación civil e dos refuxiados palestinos, de xeito activo e constante dende polo menos 2009.

É evidente que o goberno de Israel, está a ser absolutamente desproporcionado nas súas actividades militares contra a población civil palestina. Esta a impedir a axuda humanitaria, incumprindo o dereito internacional e isto ten que rematar. En todo caso, Galicia xa envía axuda humanitaria a través de Cooperación Galega."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno. Eu non me vou estender moito, basicamente. Eu creo que... Dodro que ben podía poñer algo da sua parte nesta moción, poñer algo sobre Dodro. Hai que... fálase do goberno de Israel, o goberno de Israel, pero non se... aquí ninguén fala de Benjamín Netanyahu. Parece que lle teñen medo e ...creo que... non son, non seríamos os primeiros en nomealo persoa non grata, xa o fixeron algúns concellos, e bueno... Parece que non hai esa intención e bueno, pois... Nós imos, se non se engade estas dúas...estes dous puntos, nós imos a votar en contra, evidentemente."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Imos ver, eu creo que... cando antes facía alusión a que nin unha nin a outra nós gustaba, era porque hai que ser tamén un pouco, non sei, pedagóxico. Se é recordar o conflito como si tiveramos, pois non sei, un supoñer que ninguén se sinta aludido por Deus, a Xunta que lle da pois unha masa común os veciños de Bexo ou de Pexegueiro, esa masa común crece con esa con ese grupo relixioso, crece, crece, empeza a medrar, empeza a medrar ata botar a todos os da parroquia e todos os habitantes de Dodro e inda por encima, bendicido por Valga, por Catoira, e por todos os Concellos incluído a Xunta que lle da ese territorio. Esa é a realidade de que esta a pasar en Palestina. Non hai outra máis, é esa, e levamos así máis de 40 anos. Por iso o BNG, fala claramente de que a moción é cativa, a moción que presenta o PSdeG que evidentemente dixo que non era a moción deles que era a moción de outro organismo.*

Mira, hai unha falsa equidistancia ao equiparar a responsabilidade e, polo tanto, Israel con con Hamás. Vou a simplemente, a exemplificar que creo que despois da exposición feita, creo que nós podemos dar todos por enterados. A inacción é complicidade pasiva da Unión Europea. En Europa goberna PP e PSOE, PP e PSOE, no Estado Español goberna o PSOE, entón, onde está realmente as armas? Quen lle manda as armas? Vale.

A inviabilidade pola ocupación, aos asentamentos. Por exemplo, a continua expansión dos asentamentos ilegais israelís, Cisxordania, Xerusalén Oriental, fragmentación do territorio palestino... por muros e postos de control... e un control absoluto de Israel

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

sobre as fronteiras e o espazo aéreo ...e os recursos palestinos fan imposible a creación dun Estado Palestino soberano e viable.

Fin da impunidade, esíxeselle o fin da impunidade de Israel polos seus crimes de guerra e crimes contra a humanidade. Inste implica apoiar activamente as investigacións da Corte Penal Internacional que está, unha e outra vez, dicindo que isto é unha animalada.

Sancións e embargo de armas. Acabo de poñer un exemplo moi gráfico, quen... quen lle facilita as armas? É a única forma de presionar a Israel.

Recoñecemento de pleno dereito dos palestinos, máis alá dun cesamento o fogo que se esta falando aquí. Debese exixir o fin do bloqueo a Gaza, o desmantelamento dos asentamentos, o fin do réxime de Apartheid...

Ulo dereito ao retorno dos millóns de refuxiados palestinos, expulsados das súas terras desde 1948?

Que lle diríamos aos refuxiados de Siria que están aquí, na nosa comarca? Que tamén se ven salpicados... ou aos refuxiados de Siria que están a vivir aquí en Dodro ao mellor?, ou en Padrón?, ou en Cesures?

Desde logo, desde o BNG, defendemos unha postura máis firme. Exixindo, xa digo, a impunidade, o fin da impunidade, perdón, de Israel e apoio ás investigacións desta Corte Penal Internacional e sancións concretas.

Nós, por todo isto, creo que queda bastante claro que todas aquí, non queremos guerra, eso entendémolo todos, pero desde logo, non é simplemente, deixar enriba da mesa unha declaración de intencións. Hai que poñer todo da nosa parte, por parte dos grupos políticos, como fai o BNG."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno. Eu paréceme... parece mentira, que esteamos aquí... eu penso que a vostedes enganounos... enganounos o logo que había na moción, pensaron que era unha moción partidista e realmente, me parece que non se molestaron nin en lela, ou lérona así ,moito por riba, no? Referente..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Home, é que o seu logo tíñao, non do PSOE."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Referente...Bueno, pero... estou explicando a situación e estou decindo que aquí amnistía Internacional non pode presentar... non pode presentar mocións, Entonces, por eso estou explicando.*

Dito esto, no punto... para que vostedes entendan vostedes, no punto 4 desta moción, non están numeradas así... pero bueno, sería o punto 4. Que Hamás e outros grupos armados de Gaza, liberen inmediatamente as persoas civís, tanto israelís como estranxeiras.

Quere decir que se recolle o que esta pedindo o Partido Popular non? Que se liberen

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

todos, se pide que a Unión Europea, utilice o seu poder e influencia... A raíz do que acaba de comentar o portavoz do BNG, que a Unión Europea utilice o seu poder e influencia a favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. E esíxeselle á Unión Europea que faga cumplir os convenios de Xenebra.

Vamos, paréceme non sei, raro polo menos que un texto coma este que ven pedido por unha organización que non é, pois igual é o problema, que igual non é partidista, igual non é con ánimo de que ninguén se poida anotar o tanto, non saia no pleno de hoxe... Pero vamos, o noso intento tívoo a organización. Vamos a proceder a votación e xa lle trasladaremos o que suceda."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 5
1 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Non aprobada

C.2.) MOCIÓNS URXENTES:

Non hai

D) CONTROL DE GOBERNO:

12. ROGOS E PREGUNTAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Rogos, por favor ."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si. Teño un.*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Pídolle ao alcalde que acelere as xestións para a implantación da vídeo acta. Esto a consecuencia... vimos que había 6 actas, 6 actas, 6 actas que foron ao pleno."

Ángel Jamardo Rey, Concelleiro do PP*:* *"Vídeo actas?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Vídeo acta, si, si. vídeo acta. Pedimos a implantación de vídeo acta, porque... vamos a ver, 6 actas que para a funcionaria ou o funcionario, dígoo con coñecemento de causa, eso levoulle un tempo extraordinario. Moito, moito tempo, moitas horas dedicadas para transcribir eso. Aquí falando, rapidamente, rapidamente se le. Ahora, escribindo e escoitando... Despois, temos o problema se é con b ou é con v, se fixo punto, se fixo coma... Entonces pediríalle que a partir de ahora, se é posible, que sexan as actas en extracto. Y que, a vídeo acta, non? E que sea que se implemente a vídeo acta para os plenos. Non sei se é posible, pero bueno, para o alcalde pode ser."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Grazas."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"E outra cousa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Perdón, perdón que non acabou."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"E outra cousa, e outra cousa."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor deixen acabar o que... deixen acabar o que..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Á hora de poñer os ficheiros, os arquivos, a numeración das actas, 14 de xullo de 2024, 3 de octubre, de non sei canto...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Son dous rogos?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Son dous rogos si. De 2024... Que se utilice a cronoloxía americana, moito máis fácil para mirar. Vese, se ve, vai un directamente a acta que considera que considera primeiro, se me interesa aquela... que da outra busca, busca, busca... e ao mellor esta... bueno primeiro o ano, despois o mes e despois o día. En eso, os americanos, teñen razón. Para o meu modo de ver."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, moitas gracias. Portavoz do Partido Popular, algún rogo?"*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Pois... visto o rogo de que o seu teniente de alcalde, lle ten que rogar a vostede, pois si. Eu vou a facerlle un rogo, claro. Eu non dou crédito, pero será que xa ten a vídeo acta medio preparada, entonces así llo prega e así vostede no próximo pleno, vennos a decir que a ten.*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A ver, actas sucintas, paréceme moi ben, pero bueno eu pregaríalle que cando queiramos pedir que conste literal que o señor alcalde non nos corte a palabra, como xa ten ocorrido neste pleno e en outros, e pediremos que conste a intervención literal e según o ROF ten que constar así, e entendo que a señora secretaría ou a persoa que redacta as actas, pois o farán, entendo. Pero si que pido que o señor alcalde non nos corte a palabra cando queramos interromper para dicir que conste literalmente en acta."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal, algún rogo?*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do BNG, algún rogo?"*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Nós temos un rogo. Que o goberno actual se faga cargo dos danos ocasionados nos bens privados por empregados municipais. Nalgún caso, vai xa para un ano que tivo que reparar un desperfecto no seu coche, unha persoa e o concello aínda non se fixo cargo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Acabamos co tema dos rogos. Preguntas escritas, hai unha que temos constancia, non?"*

Ramón Abuín Gómez:, voceiro do PSdG-PSOE: *"Hai dúas."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: "*Hai dúas? Unha que teño aquí e outra... Unha pregunta... presentada... Unha, dúas... Dúas de Xoán Xosé do portavoz de Unidade Veciñal de Dodro, Telas aí?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *" Eu?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vale. Bueno eu teño dúas. Pero, teño unha atrasada, do mes de marzo, se quere fágolle unha pequena, un pequeno historial."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"No cal é? Cal é a....?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eu presentei unha no pleno do 20 de Marzo de 2025. Unha pregunta escrita e con rexistro de entrada... estamos falando de marzo. Rexistro de entrada do 7/03/2025, hai que ler o revés que ten razón aí... apoloxía americana. Bueno, o 20 de marzo, a resposta do alcalde foi: "espero contestarlle a vostede por escrito brevemente". Non houbo contestación. En pleno do xoves 8 de maio, volvo a insistir...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Pero espere, un segundo... Esto que é?..."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Estoulle facendo unha cronoloxía dunha pregunta que lle tiña preparada..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero é que... Vamos a ver. Pero sería unha pregunta oral?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"No, no, no. É unha pregunta escrita."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"No, a ver..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Esta é unha pregunta escrita."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, no. Que foi contestada.."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Que presentei no mes de marzo..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Que foi contestada."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Que presentei dúas veces, non foi contestada."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Foi contestada a pregunta. Non foi rematada..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non foi, non foi."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non foi rematada, a pregunta foi contestada."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non, non foi contestada a min non me contestou."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pero a pregunta..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non me contestou, nin por escrito nin nada."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"En 8 de maio, volvín a presentar esa..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, estamos..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"E volveume a decir que...*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ademais esta nas actas que acabamos de aprobar."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si, si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pois se poder mañá mismo, me dixo que ma iba a contestar..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vale."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Por escrito. Tampouco."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Perfecto."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eu se quere, vólvolla a ler hoxe..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"No, pero é que.... estamos... Vostede ten dúas preguntas escritas aquí."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si, para este pleno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Para este pleno."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Pero teño outra atrasada e hai dous plenos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, a ver."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Que pasa, teño que vir a outro pleno máis..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Despois falamos da atrasada, se quere."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Esa atrasada, que facemos ca atrasada?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Primeiro por favor, faga estas preguntas que están presentadas."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vale é que facemos ca atrasada?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Despois, cando chegue o turno, xa o falamos."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eh?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"No, espera espera. Faga vostede...*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

manteña a orde, por favor."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno. A ver, vamos ca primeira pregunta escrita:*

O pasado 26 de xaneiro, a borrasca Herminia, derribou a cruz do cruceiro do Botafala en Teaio, quedando totalmente desfeita. Case dous meses despois, preguntamos no pleno de... no pleno de marzo que xestións se fixeron para a restauración? Contestando o concelleiro de patrimonio que se estaba elaborando un informe para remitirlle a Patrimonio. Sete meses despois, o cruceiro segue nas mesmas condicións. E consideramos que pasou o tempo necesario para enviar o informe ou o proxecto da restauración para que contestara á Dirección Xeral de Patrimonio e tamén para poder contratar a obra. Polo tanto, poden dicirnos en que fase está a restauración do cruceiro do Botafala en Teaio?"

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE*:* *"Como decía antes...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Vaina contestar o concelleiro de obras."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"E Patrimonio neste caso. Como decía..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Patrimonio, Obras e Servicios y otras hierbas y no sé ... y no sé que cuanto..."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"No"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Perdona, é que non estabas ben calificado. Ahora estas mellor."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Escoita."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Joder! Tes razón. Escoita, digo non... Está ben que me puntualices en calidade de que contestas."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Vamos a ver...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Vale si, si. Perdona."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"A pregunta ven do concelleiro de patrimonio, dio o voceiro do... de Unidade Veciñal de Dodro. Dice o... que foi o concelleiro de patrimonio o que lle indicou eso. Bueno, estaba solicitado o permiso... o informe o técnico; o técnico elaborou o informe e remitéuselle á Dirección Xeral de Patrimonio."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eso non é verdá."*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Eso é verdá."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, esto non é un debate. Grazas."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Non. Porque en Patrimonio non o teñen."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte pregunta."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Estará polo camiño."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte pregunta, por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *" Incrible."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Seguinte pregunta, por favor."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Vale. Na acta da xunta de goberno do día 11 de xuño de 2025, o alcalde da en conta unha resolución da alcaldía co seguinte asunto: Sanción por vertido non autorizado de augas residuais ao río Ulla, procedente das instalacións municipais de tratamento do lugar do Redondo, con número de decreto 222/25, asinado en 26 de maio de 2025. Pode dicirnos en que consisteu o vértido?, ou quen o fixo? e a sanción quen a vai a pagar? E asumilo pago da mesma?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"A sanción foi pagada, como vostede moi ben dixo. Na Xunta de goberno, o que se fixo foi aprobar o pago. É unha sanción de 2.400 euros por comisión dunha falta leve que ven dun expediente que se inicio en ... espere un segundiño que llo digo, o 24 do 9 do 2024, foi recurrida por este concello en primeira... en primeiro termino, foi recurrida tamén, co intento de... cunha serie de argumentos legais e finalmente, o Concello tuvo que proceder ao pago. Que foi o que vostede atopou na Xunta do Goberno Local. É por un tema de certos parámetros no vértido que se.. que se fai ao río Ulla. Da comisión dunha infracción administrativa tipificada como leve, por un vértido non autorizado de augas residuais o río Ulla"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Podo re preguntar non? Por que o paga o o Concello se está...?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Porque o Concello é o responsable"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Se está..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O concello é o responsable dos vertidos. Augas de Galicia, ten claro a quen ten que cobrarlle as as sancións."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Viaqua logo, é totalmente irresponsable. Vale"*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ese é outro tema."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Esta claro"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ese é outro tema. Algunha pregunta mais escrita non había, non?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"No."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *" Preguntas orais. Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"No, non temos ningunha."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *" Preguntas orais?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si.*

Actualmente no Concello de Dodro. Actualmente no Concello de Dodro, contamos cunha moi deficiente recollida do lixo, xa se falou aquí antes; tanto no contador amarelo, como cartón que aínda seguen sin recoller en varios puntos. Os do cartón seguen cheos e sen recoller. Temos unha falta evidente de persoal laboral que xa falamos antes, admitida polo goberno, para afrontar as labores de limpeza e mantemento das aldeas. E aínda por encima, a contratación de dous peóns forestais, a través do Aprol Rural, quedou deserta, como dixo aquí o concelleiro de Obras. Polo que, este ano contaremos nos meses de verán con dous traballadores menos.

As obras do plan de obras e servizo da Diputación, están sen contratar e só hai unha na plataforma de contratación. A da pista do Abelán á Chisca. Sabemos que noutros concellos da comarca, xa están executando as obras do POS25, en total hai 10 obras sin contratar, incluída a Casa do Regadío. E que seguimos... é que se seguimos a este ritmo, non vai inaugurar ningunha este goberno.

Somos o único Concello, posiblemente de toda Galicia, que non ten páxina web, fundamental para a relación cos veciños e para co para dar a coñecer Dodro no exterior e tamén para colgar as actas. Porque é que non vexo donde se van colgar as actas que aprobamos hoxe, si non temos páxina web.

En canto os bens patrimoniais que pertencen o concello, como esta casa que se pode ver o estado no que se encontra, onde chove dentro no inverno, literalmente, chove dentro. As paredes con necesidade de reparación, pola entrada da auga, etcétera e etcétera.

O único ben de interese cultural que pertence o concello, O Hórreo do Arco, totalmente

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

abandonado, coas herbas que non deixan acceder a parte traseira e cos visitantes abraiados polo estado do mesmo.

Sen un plan de limpeza e mantemento e non digamos, algo de dinamización cultural neste elemento como se fixo en anos anteriores.

Varias escolas unitarias, corren un risco grande de peche por falta de matricula que as faga viables. Estamos sen pediatra no Centro de Saúde de Dodro e parece que o goberno xa o da por feito consumado. Pero nunha entrevista a Cadena Cope, o alcalde di literalmente: Dodro agora mesmo, a única necesidade importante, importante que ten é a de habilitar algún solo industrial. Xa que segundo vostede, a única necesidade que ten Dodro ahora mesmo, é o solo industrial. Lembramos que temos Salvanxe e a Cancela Abrea, de momento. Pode dicirnos que pases vai dar para acadar o outro solo industrial que xa... e se xa se conta con orzamento para modificar o PXOM?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois, como vostede moi ben dixo, en todo o texto da pregunta, todo se reduce ao mesmo, a un tema económico. É un tema de como se fai para contratar xente, para pagar todos os gastos... Di vostede que as escolas están en risco de peche, levan en risco de peche desde o ano 19 e hasta agora non se queixou ningunha e é, polo traballo que posiblemente fai este goberno.*

Dito esto... Moitas das cousas que acaba de decir vostede, o tema de sanidade, é un tema da Xunta de Galicia. Entendo que vostede sabe como vai esto, nós facemos o que podemos. Pero, o tema de ... o tema de... do solo industrial, creo que vostede sabe que o Polígono de Salvanxe está ocupado por unha sola empresa y está cheo. Non existe como tal, un polígono para asentar. Y o Polígono da Cancela Abrea, que non é un polígono que é suelo industrial, recórdolle, nadie nestes últimos seis anos, nadie absolutamente nadie, se interesou por desenrolar alí nin un solo metro cuadrado, de industria, nese suelo industrial. De aí a miña, pois non sei, polo que vexo, pois que non lle gustou tanto a apreciación... de que efectivamente, se tivésemos outra calidade ou outro suelo industrial en outros sitios, pois igual podríamos dispoñer de algo máis de de ingresos na parte de ingresos para poder dispoñer na de gastos, non? Eso foi a miña observación. En todo caso, non sei aínda donde se situaría o suelo industrial. E si que estamos intentando que, como non hai desenvolvemento do suelo industrial actual, A Cancela Brea, eso quede sin validez, eso xa llo digo, tamén xa tuven... xa llo digo tamén. Estamos intentando que este suelo industrial non salga arriba e se converta no que xa era...ou en outro tipo de suelo, para intentar modificar o urbanismo do Concello.

En todo caso, vostede como concelleiro de aquí, será o primeiro en sabelo cando haxa algún tipo de plan viable ou con algún, con algún visos de saír a diante. Non vamos a decir cousas que despois non podamos levar a diante.

Algunha outra pregunta oral?"

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. A pista de pádel de Lestrobe leva desde o mes de agosto do ano pasado, inutilizada pola rotura duns... dos paneis de cristal. As xogadoras teñen que desprazarse aos concellos veciños a xogar por este motivo. O alcalde, daquela dixera que, no prazo dun mes estaría arranxada. Case un*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

ano despois, como está o proceso de arranxe da pista de pádel de Lestrobe?"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois estamos esperando a que o orzamento estuvera... digamos rematado. O día 11 finalizou o prazo de presentación de... alegacións, non se presentou ningunha. Estamos a día 17, esperamos poder dispoñer de tal... Que se desplace xente a outros concellos, porque falta un cristal dun lateral, non o sei non o discuto. Pero hai moitos xogadores y xogadoras que están xogando na pista de pádel de Dodro y eu vexo si que é verdade, que cando vai alí, pois non sei, quedaralles o punto un pouco menos lucido, pero están xogando alí."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Entonces... perdón, podo re preguntar? Desde agosto de 2024 están, esperando a aprobación dos orzamentos de 2025?"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Si."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Moi ben, vale."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Algunha outra pregunta?"*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eu teño a escrita esa. Non sei...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pero bueno a..."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eu, irei a Valedora do pobo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*:* *"Pois a o mellor é a solución."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Terei que ir ao Valedor do pobo."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Eu teño unha pregunta escrita que non se me quere responder, home claro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz, portavoz do Partido Popular. Ah! bueno se xa , si. Portavoz do BNG."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Si, temos unha oral. Queriamos saber, porque non se desenvolveu ningunha acto referido ás Cantareiras en Teaio?, tal e como propuxo o BNG e aprobou o pleno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois, porque todavía, con esta programación cultural que fixemos, aínda non nos deu tempo a, a programar esa. Esperamos facelo no segundo semestre do ano que estamos. Estamos traballando en*

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

eso, tamén o propuxemos nós y estamos... De feito, creo que vostede tamén é consciente que no ... que no CPI, intentamos trasladar este problema, esta... bueno nada. Si, que nada que vamos a facelo este segundo trimestre.

Algunha pregunta máis? No. Bueno pois levantamos a sesión. Gracias."

Ás 22:04 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: j2U9jR/kDvewRglkzvcN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/